

MEMORIA

da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

Curso académico 2024/2025




MEMORIA

DA

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)

Curso académico:
2024/2025



Índice de contidos

I. ASPECTOS XERAIS

II. DATOS E ANÁLISE DE RESULTADOS

III. ACORDOS PREVIOS

IV. CONCLUSIÓN E ACORDOS

V. ANEXOS

I. ASPECTOS XERAIS

I.1 Presentación

O sistema de garantía de calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo é un **sistema centralizado e institucional**, dirixido pola EIDO, ao que están adscritos todos os programas de doutoramento da universidade, incluídos os programas interuniversitarios.

O SGC é unha **ferramenta de mellora continua** que contribúe a desenvolver a estratexia da EIDO e dos seus programas, a mellorar a calidade dos resultados de aprendizaxe do estudantado e, en consecuencia, a súa formación investigadora.

Na súa lóxica de mellora continua, un dos procesos do sistema prevé unha **revisión formal** anual cuxos obxectivos son os seguintes:

- Verificar a súa adecuación á realidade actual
- Verificar a súa eficacia
- Provocar análises e debates para desencadear propostas de mellora do seu funcionamento
- Revisar a estratexia de calidade da EIDO (a súa política e os seus obxectivos)
- Contribuír a realizar un seguimento xeral da situación dos programas de doutoramento
- Elaborar, aprobar e publicar unha memoria de calidade que formalice a situación descrita nos puntos anteriores e sirva de ferramenta de **transparencia e rendemento de contas** das actividades levadas a cabo no período considerado.

Os datos empregados para realizar as análises e presentados neste informe proveñen de diferentes **fontes oficiais** da universidade e están dispoñibles no [Portal de Transparencia](#).

Esta memoria dá continuidade as memorias previas dende o curso 2019/2020 ao 2023/2024, evolucionando dende unha Memoria de Calidade a unha Memoria da EIDO que integra unha visión ampla da xestión desenvolvida na EIDO e mantén unha perspectiva histórica nas temáticas tratadas que axuda a comprender o contexto e a evolución da súa xestión.

I.2 Situación do Sistema de Xestión (SGC e outros estándares)

I.2.1 Situación do Sistema de Xestión

A continuación presentase un breve percorrido histórico para describir as fases do SGC e contextualizar a situación actual. Esta descrición comezada na memoria 2020/21 segue de actualidade, polo que as ideas principais se manteñen.

A) Fase de deseño (2017-2020) [Elaboración e aprobación da documentación]

O deseño do SGC desenvolveuse, formalmente, ao longo dos anos 2017 e 2018, seguindo as directrices do **Programa FIDES-AUDIT** (ACSUG). Durante este período analizáronse e déuselle forma aos procesos de funcionamento ligados ao ciclo de doutoramento que responden ás ditas directrices. A Comisión de Calidade da EIDO, constituída o 27.04.2017, validou este deseño o 14.12.2018 e o Comité de Dirección da EIDO, máximo órgano de responsabilidade, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018.



Certificado n° 04/2019 de ACSUG

Trala avaliación da documentación enviada, a ACSUG remitiu un Informe de **certificación do deseño** do SGC o 30.07.2019 con resultado *FAVORABLE*, polo que a EIDO convertíase deste xeito na [primeira escola de doutoramento do SUG](#) en acadar unha certificación de calidade.

Finalmente, [o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo](#) coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

B) Fase de implantación (2021 → Actualidade) [Aplicación xeneralizada e progresiva]

Rematada a fase de deseño, a previsión da implantación efectiva do SGC programouse para comezar no curso 2020/21. O obxectivo desta fase consiste en aplicar o deseño aprobado ás actividades diarias do ciclo de doutoramento, isto é, da xestión da EIDO e dos seus programas de doutoramento. A estratexia da EIDO, formalizada na súa Política e Obxectivos de Calidade aprobados en 2020, establecía como un dos seus obxectivos de calidade a certificación da implantación para 2021/22. Porén, a situación pandémica Covid-19 adiou todo o proceso.

A implantación programada incluía, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- Funcionamento operativo de todos os procesos (este xa se iniciara, nalgúns casos, de xeito previo a 2020)
- Funcionamento pleno e regular da Comisión de Calidade da EIDO
- Soporte aos procesos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos programas,
- Formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudantado
- Reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

A continuación inclúese unha síntese da implantación do SGC e algúns condicionantes que influíron nesta:

1 Aplicación da nova regulación RD 99/2011

Moitas das actividades descritas nos procedementos xa comezaron o seu **funcionamento** hai varios anos (atención e orientación a estudantes, xestión dos programas de doutoramento ou as ligadas á elaboración e defensa da tese), de acordo coa nova regulación, implantada no curso 2012/13.

Existen **documentos e rexistros** asociados a eles e trátanse os seus **indicadores** de resultados. As epígrafes sobre programas de seguimento e de acreditación das titulacións tratan con máis detalle estas cuestións nos seus informes e amosan os resultados acadados.

Véxase a epígrafe I.4 para os detalles sobre estes programas de calidade.



2 Pandemia COVID-19: situación excepcional e actividades de adaptación

A pandemia provocada pola COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade. Os anos 2020 e 2021 foro especialmente complexos e rodeados de incertezas que afectaron, en particular, á normalidade da vida universitaria e ao desenvolvemento de todas as súas actividades. A saúde e a seguridade primaron nese novo escenario.

Ao igual que ocorreu con todas as titulacións e servizos que ofrece a UVigo, tamén no caso da EIDO a pandemia provocou unha reacción inmediata que empezou polas defensas da teses xa programadas, que pasaron ao formato telemático utilizando a plataforma Campus Remoto. Dende o 24 de marzo ata finalizar o ano 2020 defendéronse nesta modalidade virtual preto de 85 teses de doutoramento e en 2021 a modalidade en-liña seguiu sendo preferente a vía preferente de defensa á espera de que as circunstancias aconsellasen retomar o sistema anterior. No curso 2020/21 defendéronse en-liña 138 teses, o que

representa un 78% do total. No curso 2021/22 defendéronse en-liña 44 teses, co que a porcentaxe diminuíu respecto ao curso anterior.

Así mesmo, o **depósito das teses mudou á modalidade en liña**, un proceso previsto como unha evolución natural acorde coa implantación da **administración electrónica**, pero que se viu acelerado, aproveitando o desenvolvemento técnico da plataforma e que permitiu o depósito de máis de 80 teses durante o ano 2020. A modalidade en liña quedou consolidada como sistema ordinario de depósito a partires de 2021.

A covid-19 provocou igualmente a adaptación dos cursos e actividades formativas, habilitándose **salas virtuais** a tal efecto.

Estendéronse os **prazos** para a finalización das teses por un período equivalente á duración da suspensión dos prazos administrativos establecida no estado de alarma (79 días), isto sen prexuízo da flexibilidade que poda aplicarse para aqueles casos que xustifiquen de xeito fidedigno que o atranco debido ao estado de alarma supera a extensión do prazo aplicada de xeito xeral.

A **mobilidade** necesaria para a obtención da Mención internacional, tamén foi aceptada en forma de actividade en remoto para estadias previamente programadas ou xa iniciadas que se viron canceladas ou interrompidas pola situación da pandemia, sen posibilidade de ser retomadas de xeito presencial antes do depósito da tese.

O regulamento de Estudos de Doutoramento cambiouse o curso 2021/22 para permitir que de xeito definitivo a presentación da tese pode facerse en modalidade non presencial.

3 Plan de mellora da certificación do deseño de ACSUG [2021 – 2025]

En resposta á avaliación de ACSUG do deseño definiuse un plan de mellora, que se inclúe no Anexo 1 desta memoria, cuxa resolución, prevista en grandes liñas para o curso 2020/2021, viuse tamén afectado pola pandemia.

Síntese:

- Nº de recomendacións ACSUG: 14 → nº de accións de mellora: 12 (non proceden: 2)
- Accións pechadas: 14
- Accións en curso: –
- Novo seguimento do plan: Plan terminado (non procede).

Todas as recomendacións teñen xa unha resposta operativa no funcionamento do SGC. Os cambios realizados nos procesos e nos procedementos que os desenvolven, xunto coas accións de implantación e mellora executadas permiten dar por concluído o plan de mellora da certificación do deseño en novembro de 2025.

4 Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC 2021-2025

Para retomar a situación do SGC tras a pandemia e reconducir a súa implantación, a Comisión de Calidade da EIDO e despois o Comité de Dirección, aprobaron en decembro de 2021 o Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC (Anexo 2). Esta implantación programouse para desenvolverse desde fin de 2021 ata fin de 2024, aínda que estendeuse ata o ano 2025.

Este proxecto xira sobre 3 eixes:

- Implantación participativa e colaborativa dos procesos a través de grupos de traballo
- Integración progresiva de estándares de sustentabilidade e responsabilidade social (ODS)
- Preparación para certificación: obxectivo fin 2024 → Acreditación institucional

En síntese, organizáronse 12 grupos de traballo asociados aos 18 procesos do SGC coa finalidade de analizar o estado de implantación e realizar propostas de mellora. Participaron 38 persoas, dando lugar a 93 accións de mellora que tamén se inclúen no Anexo 2.

A dirección da EIDO reporta á Comisión de Calidade o funcionamento do proxecto, e esta informa e valida as decisións e actividades para desenvolver.

O Anexo 1 tamén inclúe un esquema gráfico do estado de implantación de cada un dos procesos ao fin do curso 2023/2024, tomando como criterio para considerar un proceso implantado que, polo menos, superase un ciclo completo de actividades, tal como se describe no procedemento asociado.

Tras a posta en marcha da aplicación informática no ano 2024 e a carga ao longo do curso 2023/2024 dos rexistros históricos dispoñibles, o proceso Control dos rexistros implantado empregouse polos diferentes servizos implicados en doutoramento para ir incorporando a documentación dos rexistros correspondentes ao curso 2024/2025.

En síntese, pódese concretar que o proxecto está amplamente avanzado e os 18 procesos están en funcionamento e implantados de xeito eficaz.

5 Plan de actualización e mellora do SGC

Tras concluír a implantación do SGC, a Comisión de Calidade aprobou o 26 de febreiro de 2024 un Plan de Calidade para a Actualización e Mellora do SGC con seguintes obxectivos:

- Mellorar a implantación efectiva (real) do SGC na EIDO, CAPD, áreas e servizos no ciclo de doutoramento
- Incorporar cambios lexislativos e normativos
- Actualizar, reordenar, de ser o caso, e optimizar os procesos
- Incorporar a sostibilidade como elemento transversal
- Simplificar os formularios e harmonizar a imaxe gráfica da documentación
- Aplicar, sempre que sexa posible, os estándares europeos de investigación
- Certificar a implantación do SGC

Este plan, que debe culminar na acreditación institucional da EIDO, establece dúas fases para a organización e revisión de todos os procedementos e procesos do SGC e estímase que debería rematar o vindeiro curso 2025/2026. Os detalles deste plan de actualización e mellora e a súa situación amósanse no Anexo 3 desta memoria, que inclúe o novo esquema gráfico do mapa de procesos do SGC.

En cumprimento deste plan, a Comisión de Calidade aprobou a modificación do proceso de Dirección Estratéxica na súa reunión de xuño de 2024 e ao longo do curso 2024/2025 aprobáronse as modificacións dos procesos de Xestión de Programas (febreiro de 2025) e de Formación de Investigadores (xuño de 2025). O resto dos procesos serán revisados e modificados, de ser o caso, ao longo do vindeiro curso 2025/2026.

5 Certificación da implantación do SGC

Tras concluír a implantación do SGC, en xullo de 2025 a universidade enviou á ACSUG a solicitude de certificación da implantación do SGC da EIDO que se inclúe no Anexo 4.

I.2.3 Cambios organizativos:

Dirección da EIDO

Trala renovación da dirección da EIDO concluída o curso anterior, non se produciron cambios na organización da EIDO, polo que o funcionamento ordinario da escola,

incluídos os programas de calidade (seguimento, acreditación,...), pode considerarse estable/óptimo.

Comisión de Calidade da EIDO

A composición, o funcionamento e as competencias da Comisión de Calidade están establecidas no Manual de Calidade da EIDO.

A composición actual da comisión, xunto cos cambios que se produciron., é a seguinte :

- O presidente/director da EIDO: Antonio Pino García. Desde xuño 2023, Antonio Collazo Fernández.
- O director da Área de Calidade, ou persoa en quen delegue: Dende 2024, Raquel Gandón. Previamente, desde 2019 ata 2024, Joaquín Baltasar Collazo Rodríguez e antes de 2019, Xosé María Gómez Clemente.
- O coordinador de calidade/subdirector da EIDO: Ignacio Pérez Juste
- O xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, ou persoa en quen delegue: José Luís Gómez Reboiro
- Unha persoa representante do estudantado de doutoramento: Desde 2021, Juan Jesús Rico Fuentes. Previamente, desde 2019, Sara Martínez Carrera e antes de 2019, Alicia López Bruzos.
- Responsables de calidade dos programas de doutoramento por cada ámbito recoñecido no RRI da EIDO:
- Artes e Humanidades: Desde 2022, Antonia Blanco Pesqueira. Previamente, desde 2021, Susana Reboreda Morillo, desde 2019, Teresa Rivas Brea, e antes, Ana Luna Alonso.
- Enxeñaría e Arquitectura: Asunción Longo González
- Xurídico-Social: Desde 2019, Ángeles Parrilla Latas e, anteriormente, Yolanda Rodríguez Castro.
- Campus do Mar: Marta Conde; antes Paloma Morán Martínez
- Ciencias: Desde 2021, Pedro Pablo Gallego Veigas
- O técnico superior de Calidade: José Miguel Dorribo Rivera (membro nato desde 2022)

Competencias

As persoas que a integran son elementos clave no desenvolvemento dos programas de calidade da escola. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de calidade na EIDO.

En este sentido, é importante fomentar a participación e colaboración activas nos diferentes programas e actividades de calidade na EIDO.

Funcionamento e reunións

O funcionamento e as competencias da Comisión de Calidade están recollidas no Manual de Calidade da EIDO. A comisión, progresivamente, vai incorporando temáticas para analizar segundo o previsto no manual.

As reunións que tivo ata agora son:

- 27 de abril de 2017
- 11 de maio de 2017
- 15 de febreiro de 2018
- 13 de abril de 2018
- 13 de decembro de 2018
- 19 de xullo de 2019
- 23 de xullo de 2020
- 14 de setembro de 2020
- 23 de outubro de 2020
- 6 de abril de 2021
- 21 de maio de 2021
- 9 de xuño de 2021
- 15 de xullo de 2021
- 21 de decembro de 2021
- 9 de marzo de 2022
- 25 de marzo de 2022
- 19 de maio de 2022
- 19 de xullo de 2022
- 28 de setembro de 2022
- 19 de decembro de 2022
- 11 de maio de 2023
- 27 de xullo de 2023
- 29 de novembro de 2023
- 15 de decembro de 2023

- 12 de xaneiro de 2024
- 26 de febreiro de 2024
- 20 de marzo de 2024
- 12 de xuño de 2024
- 24 de xuño de 2024
- 11 de novembro de 2024
- 24 de febreiro de 2025
- 25 de marzo de 2025
- 22 de maio de 2025
- 27 de xuño de 2025

As actas e acordos das reunións son públicas e están dispoñibles na ligazón <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/sgic/public/informes/actas>.

I.2.4 Cambios legislativos e normativos:

As principais novidades legislativas e normativas no período ao que se refire esta memoria e que afectan ao modelo de calidade no ciclo de doutoramento son:

Lexislación:

Lexislación e data de aplicación	
Procesos eventualmente afectados	Comentarios
RD 640/2021, de 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios Aplicación: 17/08/2021	
Directriz 2 Xestión dos programas	Establece o procedemento de acreditación institucional para as escolas de doutoramento.
- Deseño e aprobación dos programas	
- Seguimento, mellora e acreditación dos programas	
- Suspensión e extinción dos programas	
RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade Aplicación: 19 de outubro de 2021	
Directriz 2 Xestión dos programas	Incide en distintos procesos de calidade: - A potenciación da acreditación institucional dos centros
- Deseño e aprobación dos programas	
- Seguimento, mellora e acreditación dos programas	

- Suspensión e extinción dos programas	- Maior autonomía das universidades canto os procesos de garantía de calidade. Exemplo: o seguimento das titulacións que non contan con acreditación institucional para a ser competencia dos centros (informe preceptivo 3 anos despois de cada renovación da acreditación), con criterios establecidos polas axencias de calidade. - En xeral, cambios nos procedementos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación (VSMA) das titulacións - A determinación dos procesos VSMA para titulacións conxuntas internacionais, incluídas as que están dentro do Programa de Universidades Europeas da CE e das Erasmus Mundus. - A necesidade de informes preceptivos e favorables obtidos dos SGC para: aprobar o deseño de determinadas titulacións ou programas académicos (graos abertos, simultaneidades..), e tamén para os Másters de Formación Permanente realizar modificacións substanciais dos plans de estudos en centros con acreditación institucional e non substanciais en todos os casos. - A aplicación dos estándares de calidade europeos (ENQA) ás ensinanzas propias / formación permanente. - A integración de cuestións medioambientais e de sostibilidade: principio de non causar dano significativo e consideración dos ODS.
---	--

Real Decreto 576/2023, que modifica o Real Decreto 99/2011 que regula as ensinanzas oficiais de doutoramento

Entre os principais aspectos que modifica este RD destaca os cambio nos requisitos de acceso, na duración dos estudos de doutoramento, a necesidade de elaborar un plan de formación para cada doutorando, a modificacións nas competencias asociadas aos estudos e cambios nos procesos do SGC. Como consecuencia da aprobación deste RD realizouse unha extensa modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade que foi aprobado en Consello de Goberno o 20 de xuño de 2024 para entrar en vigor no curso 2024/2025. Por outra banda, tamén como consecuencia deste

RD, será necesario realizar modificar as memorias dos programas de doutoramento e realizar cambios e actualización no SGC que se realizarán durante o curso 2024/2025.

Directriz 2 - Xestión dos programas de doutoramento

Directriz 3 – Formación dos investigadores, Xestión académica

Real Decreto 905/2025, de 7 de outubro, por el que se modifican el Real Decreto 640/2021, de 27 de julio, de creación, reconocimiento y autorización de universidades y centros universitarios, y acreditación institucional de centros universitarios; el Real Decreto 1509/2008, de 12 de septiembre, por el que se regula el Registro de Universidades, Centros y Títulos; el Real Decreto 1002/2010, de 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiales; y el Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad.

Entre os aspectos que poden afectar á EIDO e os estudos de doutoramento pódense indicar a inclusión de requisitos adicionais para obter a acreditación institucional e a descripción das para o funcionamento do SIIU.

Normativas:

Normativa e data de aplicación

Procesos eventualmente afectados

Comentarios

Instrución Persoal investigador predoutoral visitante matriculado nun programa de doutoramento interuniversitario.

Aplicación: 12 de xaneiro de 2021

Directriz 3 Formación dos investigadores

-Xestión da mobilidade

Directriz 3 Xestión Académica

-Admisión

-Atención a estudantado e atención profesional

Establece medidas específicas para visitantes dunha universidade participante nun programa de doutoramento interuniversitario no que tamén está a Universidade de Vigo.

Reglamento de estudiantes da Universidade de Vigo

Aplicación: 26 de maio de 2021

Directriz 3 Formación dos investigadores

- Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as

- Xestión da mobilidade

- Autorización e defensa da tese

Afecta ás titorías, propiedade intelectual, dereitos dos estudantes de doutoramento e mobilidade

Directriz 3 Xestión Académica

- Admisión

- Atención a estudantado e atención profesional

Regulamento de Persoal investigador visitante, modificado en febreiro de 2022

Modificación do procedemento de solicitude da estadia

Directriz 3 Formación dos investigadores

-Xestión da mobilidade

Directriz 3 Xestión Académica

-Admisión

Outros estándares, protocolos e documentos de referencia

- Novo Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026, aprobado en decembro de 2020.
- Os cambios legislativos (RD 820/2021 e RD 640/2021) están provocando modificacións nos protocolos de REACU e previsiblemente nas guías de ACSUG respecto dos diferentes programas de calidade que afectan ao ciclo de doutoramento:
 - REACU- PROTOCOLO DE EVALUACIÓN PARA LA VERIFICACIÓN Y MODIFICACIÓN de los Programas de las enseñanzas oficiales de Doctorado (03.02.2022)
 - REACU-PROTOCOLO DE EVALUACIÓN PARA EL SEGUIMIENTO Y LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN de los Programas de doctorado conducentes a la obtención del título oficial de Doctor o Doctora (02.03.2022)
- Resolución do 3 de marzo de 2022, da SX Universidades
 - Inclúe instrucións sobre a AI e o protocolo de certificación dos SGC dos centros, cuxo alcance abrangue agora tamén ás escolas de doutoramento.
 - O protocolo de certificación inclúe dúas novas temáticas non incluídas na guía de ACSUG e, polo tanto, non tratadas ata o de agora:
 - I+D+i e transferencia do coñecemento, que aparece como nova dimensión de avaliación
 - Tratamento dos ODS/Sostibilidade, que aparece como referencias transversais
- Novo Procedemento ACSUG para a solicitude de Modificacións nos Programas de Doutoramento (Abril 2023): Este documento ten como finalidade establecer o procedemento que deben seguir as universidades que queiran solicitar modificacións dos seus programas de doutoramento.

O documento inclúe orientacións para que, tanto as universidades como as comisións de avaliación, identifiquen os diferentes tipos de modificacións como substanciais (que serán solicitadas ao Consello de Universidades e requirirán un informe de avaliación ACSUG nun procedemento análogo ao de verificación) e non substanciais (que requirirán a aprobación polos órganos de goberno da universidade coa emisión previa dun informe do SIGC, e a posterior remisión á axencia competente para a súa aprobación). Así mesmo, clarifica as condicións deste procedementos no caso de que a universidade responsable administrativa do título conte coa acreditación institucional da escola de doutoramento.

- Recomendación do Consello, do 18 de decembro de 2023, sobre un marco europeo para atraer e reter a talentos de investigación, innovación e emprendemento en Europa. Anexo II Carta Europea do Persoal Investigador.
- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Outros Protocolos

- ANECA presentou ás escolas de doutoramento de toda España un documento de bases para a AI das ditas escolas no que inclúe as temáticas anteriores como criterios de certificación, entre outros cambios menores.
- Directrices e orientación para a AI de centros que imparten PD (REACU, 2023)

I.3 Estratexia da EIDO (Política e obxectivos de calidade), coas liñas de acción

Estratexia 2022-2026

Unha das actividades desenvoltas nos grupos de traballo consistiu en analizar o contexto e as tendencias en doutoramento. Froito deste traballo resultou a revisión da política e obxectivos de calidade, tanto en contidos como en formato.

A EIDO actualizou e aprobou a súa nova *Estratexia* para o período 2022-2026. O novo marco estratéxico inclúe agora:

- Unha declaración da misión e da visión
- Liñas estratéxicas de actuación como resultado da revisión e actualización da política de calidade

As liñas estratéxicas serán desenvoltas a través dun cadro de mando ou ferramenta equivalente.

- Obxectivos de calidade revisados e actualizados, cos indicadores asociados e as metas anuais programadas, en coherencia coas liñas estratéxicas.

Esta estratexia inclúe, ademais, de xeito transversal e por primeira vez, referencias e obxectivos relacionados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

A estratexia incorpora o novo escenario de acreditación institucional (AI) para as escolas de doutoramento posibilitado polo Real Decreto 640/2021, marcando como obxectivo principal a súa consecución no ano 2024.

As sínteses de resultados para os obxectivos de calidade e as metas asociadas dende a implantación da nova estratexia son as seguintes:

Curso 2022/2023: Obxectivos de calidade e metas asociadas (Síntese de resultados):

Obxectivos de calidade e metas asociadas	Meta 2022	Resultado 2022/23
1 Obter a acreditación institucional da EIDO		Pendente de protocolos REACU/ACSU G
Metas: Certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade en 2023 e Acreditación Institucional en 2024		
2 Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral	3,8 / 5	4,14 (1º ano)
	(1º e 3º ano)	3,86 (3º ano)
Meta: resultados de satisfacción (IPD19) [*]		
4 Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional	50%	29,93%
Metas: % teses con mención internacional e % de estudantes internacionais	28%	33,92%
6 Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento	PAS: 100% persoas	PAS: 100% persoas
Metas: % formación persoal en áreas académicas, % CAPD, actividades para estudantes	PDI: 90% PD	PDI: -
	Estudantes: 1 actividade/ Ámbito	Estudantes:- 1 xornada (12/04/2023)
7. Implicación e difusión da oferta de estudos de doutoramento e das súas actividades, especialmente no relacionado coa Axenda 2030 e cos ODS	9%	<i>En deseño</i>
Metas: % das teses defendidas que teñan relación con algún ODS para cada ano		
8. Actividade investigadora de calidade en aberto para aumentar a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados	2	<i>En deseño</i>
Metas: contribucións científicas (de media) por estudante egresado para cada ano:		
Escala de cores:		
Verde: obxectivo alcanzado		
Laranxa: obxectivo a piques de alcanzarse (variación dun 10% en relación coa meta)		
Vermello: obxectivo non alcanzado		

Curso 2023/2024: Obxectivos de calidade e metas asociadas (Síntese de resultados):

Obxectivos de calidade e metas asociadas	Meta 2023	Resultado 2023/24
1 Obter a acreditación institucional da EIDO		<i>Pendente de solicitude ACSUG</i>
Metas: Certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade en 2023 e Acreditación Institucional en 2024		
2 Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral	3,85 / 5	4,13 (1º ano)
	(1º e 3º ano)	3,93 (3º ano)
Meta: resultados de satisfacción (IPD19) [*]		
4 Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional	50%	37,6%
Metas: % teses con mención internacional e % de estudantes internacionais	29%	34,7%
6 Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento	PAS: 100% persoas	PAS: 100% persoas
Metas: % formación persoal en áreas académicas, % CAPD, actividades para estudantes	PDI: 90% PD Estudantes: 1 actividade/ Ámbito	PDI: - Estudantes: -
7. Implicación e difusión da oferta de estudos de doutoramento e das súas actividades, especialmente no relacionado coa Axenda 2030 e cos ODS	13%	<i>En deseño</i>
Metas: % das teses defendidas que teñan relación con algún ODS para cada ano		
8. Actividade investigadora de calidade en aberto para aumentar a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados	2,5	<i>En deseño</i>
Metas: contribucións científicas (de media) por estudante egresado para cada ano:		
Escala de cores:		
Verde: obxectivo alcanzado		
Laranxa: obxectivo a piques de alcanzarse (variación dun 10% en relación coa meta)		
Vermello: obxectivo non alcanzado		

Curso 2024/2025: Obxectivos de calidade e metas asociadas (Síntese de resultados):

Obxectivos de calidade e metas asociadas	Meta 2024	Resultado 2024/25
1 Obter a acreditación institucional da EIDO		<i>Solicitud realizada a ACSUG en xullo de 2025</i>
Metas: Certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade en 2023 e Acreditación Institucional en 2024		
2 Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral	3,9 / 5	4,18 (1º ano)
	(1º e 3º ano)	3,96 (3º ano)
Meta: resultados de satisfacción (IPD19) [*]		
4 Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional	50%	34,6%
Metas: % teses con mención internacional e % de estudantes internacionais	30%	36,2%
6 Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento	PAS: 100% persoas	PAS: 100% persoas
Metas: % formación persoal en áreas académicas, % CAPD, actividades para estudantes	PDI: 90% PD Estudantes: 1 actividade/ Ámbito	PDI: 100% CAPD Estudantes: 1 actividade (12/05/2025)
7. Implicación e difusión da oferta de estudos de doutoramento e das súas actividades, especialmente no relacionado coa Axenda 2030 e cos ODS	17%	<i>Cuestionario deseñado. Aplicarase no curso 25/26</i>
Metas: % das teses defendidas que teñan relación con algún ODS para cada ano		
8. Actividade investigadora de calidade en aberto para aumentar a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados	3	8,7
Metas: contribucións científicas (de media) por estudante egresado para cada ano:		

Escala de cores:

Verde: obxectivo alcanzado**Laranxa:** obxectivo a piques de alcanzarse (variación dun 10% en relación coa meta)**Vermello:** obxectivo non alcanzado

A evolución das metas indica o cumprimento da meirande parte dos obxectivos de calidade no período de desenvolvemento da estratexia, destacando positivamente a satisfacción do estudantado e a proporción de estudantes internacionais, o que reflicte a capacidade de atracción dos estudos de doutoramento englobados na EIDO. Por outra banda, avanza no procedemento de acreditación institucional da EIDO e na obtención de información sobre os ODS involucrados nas teses doutorais, aspectos ambos que esperan rematarse no vindeiro curso. Tamén se dispón dos primeiros datos sobre as contribucións científicas dos egresados que amosan una produción investigadora notable a nivel global da escola o que resulta moi satisfactorio. Porén, a meta asociada establecida cando se definiu a estratexia (probablemente sen dispor de moita información cuantitativa) semella infraestimada e debería revisarse durante o establecemento dunha vindeira estratexia. Por último, a única meta non acadada, relativa ao número de teses con mención internacional, foi obxecto dunha análise minuciosa que amosa que a proporción de teses internacionais é moi dependente do ámbito de coñecemento e tamén da dedicación do estudantado. Así, os datos na seguinte táboa

	EIDO	Artes e Humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñaría e Arquitectura
Teses	165	22	55	4	50	34
Teses con mención internacional	57	3	31	2	10	11
% Teses con mención internacional	34.5%	13.6%	56.4%	50.0%	20.0%	32.4%
Teses a tempo completo	110	11	45	4	33	17
% Teses a tempo completo con mención internacional	51.8%	27.3%	68.9%	50.0%	30.3%	64.7%

amosan que se só considerasen os estudantes a tempo completo (en contraposición con aqueles a tempo parcial que teñen outras obrigacións -laborais, familiares, saúde,...) a taxa de mencións internacionais incrementaríase considerablemente e acadaría a meta asociada de forma global e en tres dos ámbitos de coñecemento incluídos na EIDO. Este datos indican, por unha banda, a necesidades de incentivar a realización de estancias que dean lugar a teses con mención internacional (por exemplo, incrementando a financiación dispoñible), pero tamén a conveniencia dunha matización da definición desta meta asociada en futuras estratexias da escola.

I.4 Ordenación da oferta formativa

Programas de doutoramento

Na seguinte táboa descríbense os cambios na oferta formativa no curso 2024/2025:

Procedemento	Programas
Verificación	• PD en Investigación Sanitaria En maio de 2025 recibíuse o informe favorable definitivo da ACSUG da verificación do título que formará parte da oferta da Universidade de Vigo a partir do curso 2025/2026

Actividades formativas

As actividades formativas transversais propostas pola EIDO para o curso 2024/2025 foron:

Actividade
* 1º cuadrimestre • Elaboración e defensa da tese doutoral • Edición de presentacións e textos científicos con LaTeX • Ciencia de datos con Intelixencia Artificial en investigación • Transmisión da investigación • Obradoiro de escritura científica • Introducción á investigación • Métodos estadísticos avanzados para a investigación científico-técnica • Ferramentas informáticas para a investigación • Estratexias do discurso doutoral no ámbito humanístico • Metodoloxía sobre investigación cualitativa * 2º cuadrimestre • A Axenda 2030 na investigación universitaria • Introducción a la investigación • Investigación sobre actitudes interculturais e en favor da igualdade en contextos socioeducativos • Obradoiro sobre revistas indexadas e congresos internacionais

I.5 Programas de calidade

Modificacións dos programas de doutoramento

CURSO 2023/2024	Resultados: Informe final
Modificacións substanciais	
PD en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria (Tras renovación da acreditación en 2022) Implantación en 2024/25	Favorable
Modificacións non substanciais	
24 PDs foron sometidos a modificacións non substanciais para adscribilos formalmente a EIDO. Este proceso realizouse simultaneamente coas outras escolas de doutoramento do SUG seguindo o novo procedemento ACSUG para a tramitación de modificacións non substanciais Os PDs modificados son os seguintes: • PD en Análise económica e estratexia empresarial • PD en Auga, sustentabilidade e desenvolvemento • PD en Biotecnoloxía avanzada • PD en Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria • PD en Ciencia e tecnoloxía química • PD en Ciencias da educación e do comportamento • PD en Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable • PD en Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (campus do mar) • PD en Ciencias sociais e envellecemento • PD en Comunicación • PD en Creación e investigación en arte contemporánea • PD en Creatividade e innovación social e sustentable • PD en Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais • PD en Educación, deporte e saúde • PD en Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura • PD en Endocrinoloxía • PD en Enxeñaría química • PD en Equidade e innovación en educación • PD en Estatística e investigación operativa • PD en Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura • PD en Estudos lingüísticos • PD en Estudos literarios • PD en Física aplicada • PD en Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria • PD en Láser, fotónica e visión • PD en Matemáticas e aplicacións • PD en Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida • PD en Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas • PD en Nanociencia e biomedicina • PD en Neurociencia e psicoloxía clínica • PD en Ordenación xurídica do mercado • PD en Protección do patrimonio cultural	
	Favorables

-
- PD en Química teórica e modelización computacional
 - PD en Sistemas software intelixentes e adaptables
 - PD en Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica
 - PD en Tecnoloxías da información e as comunicacións
 - PD en Tradución e paratradución
 - PD en Turismo
 - PD en Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria
 - PD en Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica.
-

CURSO 2024/2025

Modificacións substanciais

Entre outubro de 2024 e xuño de 2025 a EIDO, a Área de Calidade e o Servizo de Posgrao organizaron un procedemento para someter a modificación substancial as memorias dos seguintes PD responsabilidade da Uvigo:

- PD non interuniversitarios:

- Auga, sustentabilidade e desenvolvemento
- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
- Ciencias da educación e do comportamento
- Comunicación
- Creación e investigación en arte contemporánea
- Creatividade e innovación social e sustentable
- Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais
- Educación, deporte e saúde
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica
- Enxeñaría química
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida
- Nanociencia e biomedicina
- Ordenación xurídica do mercado
- Sistemas software intelixentes e adaptables
- Tecnoloxías da información e as comunicacións
- Tradución e paratradución

- PD conxuntos interuniversitarios (Uvigo universidade responsable/coordinadora):

- Análise económica e estratexia empresarial
 - Biotecnoloxía avanzada
 - Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión
 - Ciencias sociais e envellecemento
 - Equidade e innovación en educación
 - Estudos lingüísticos
 - Estudos literarios
 - Física aplicada
 - Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria
 - Protección do patrimonio cultural
-

-
- Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica

A principal razón para este procedemento de cambio tan amplo está nas aprobacións do RD 576/2023 que regula as ensinanzas de doutoramento (que modifica o RD 99/2011) e do novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo, normas que obrigan a modificacións substanciais dos PD e que terán que estar en vigor na entrada do curso académico 2026/2027.

Entre os cambios que se realizarán nas memorias dos títulos inclúense:

- A adaptación dos requisitos de acceso e os criterios de admisión
- A adaptación da duración dos estudos
- A adaptación das competencias que deben adquirir os doctorandos
- As modificacións derivadas dos informes de seguimento/acreditación dos que dispoña cada programa
-

As modificacións tamén inclúen outros cambios que os PD consideran axeitados como, por exemplo:

- O cambio do número de prazas
- A actualización/modificación das actividades formativas
- A redución/simplificación/integración das liñas de investigación
- A actualización do profesorado do programa
- A actualización do contexto no que se atopa o PD facendo uso da información obtida durante o desenvolvemento do mesmo
- A actualización dos resultados esperados para o PD facendo uso da información obtida durante o desenvolvemento do mesmo
- A actualización da coordinación do PD
-

A información e documentación para este proceso masivo centralizouse a través da páxina MOOVI de Calidade en Doutoramento (<https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=4904>). Todas as modificacións tramitáronse en tempo e forma e a finais de xullo de 2025 recibíronse os informes favorables da Secretaría Xeral de Universidades para o envío a verificación de todas as modificacións propostas.

Seguimento e Acreditación dos programas de doutoramento

Seguimento

Histórico de resultados da **avaliación externa** (ACSUG):

- Convocatoria de ACSUG 2016/17. Proxecto piloto.
Avaliación do curso 2015/16 e anteriores.
PD implantados en 2012/13 e 2013/14

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Conforme
PD en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns	Conforme
PD en Metodoloxía e Aplicaci3ns en Ciencias da Vida	Conforme
PD en Física Aplicada	Conforme
PD en Estudos Literarios	Conforme
PD en Creaci3n e Investigaci3n en Arte Contemporánea	Conforme
PD en Ciencias da Educaci3n e do Comportamento	Conforme
PD en Xest3n e Resoluci3n de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Conforme
PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xest3n	Non Conforme
Total: 9 PD → 8 Conformes e 1 Non Conforme	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Ciencia e Tecnoloxía Química (USC)	Non Conforme
PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (USC)	Conforme
Total: 2 PD → 1 Conforme e 1 Non Conforme	

- Convocatoria de ACSUG 2017/18
Avaliación do curso 2016/17 e anteriores.
PD implantados en 2013/14

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Biotecnoloxía Avanzada	Conforme
PD en Equidade e Innovación en Educación	Conforme
PD en Estudos Lingüísticos	Sen avaliación*
PD en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñaría Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	Sen avaliación*
PD en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	Sen avaliación*
PD en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Sen avaliación*
PD en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Non Conforme (Informe Provisional)*
PD en Comunicación	Sen avaliación*
PD en Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	Non Conforme (Informe Provisional)*
PD en Educación, Deporte e Saúde	Conforme
PD en Enxeñaría Química	Sen avaliación*
PD en Ordenación Xurídica do Mercado	Conforme
PD en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	Sen avaliación*
PD en Tradución e Paratradución	Sen avaliación*
Total: 14 PD → 4 Conformes, 2 Non Conformes (Informe Provisional) e 8 sen avaliación	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Endocrinoloxía (USC)	Conforme
PD en Estatística e Investigación Operativa (USC)	Non Conforme (Informe Provisional)*
PD en Láser, Fotónica e Visión (USC)	Conforme
PD en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (USC)	Sen avaliación*
PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (USC)	Conforme

PD en Nanomedicina (USC)	Non Conforme (Informe Provisional)*
Total: 6 PD → 3 Conformes, 2 Non Conformes (Informe Provisional) e 1 sen avaliación	

(*) ACSUG non remitiu o informe de avaliación correspondente

- Convocatorias de ACSUG 2018/19 e 2019/20

Avaliación do curso 2017/18 e 2018/19, e anteriores, respectivamente.

Segundo a súa propia programación de avaliación do seguimento, ACSUG non avaliou ningún programa coordinado pola Uvigo.

Porén, no curso 2018/19, foi avaliado un PD non coordinado pola Uvigo:

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Nanomedicina	Non conforme
Total: PD → 1 Non conforme	

- Convocatoria de ACSUG 2020/21

Avaliación do curso 2019/20 e anteriores.

PD implantados en 2014/15

ACSUG trasladou ás universidades do SUG a súa limitación da capacidade de realizar avaliacións do seguimento. A Uvigo propuxo, de xeito excepcional, realizar este seguimento en interno. O persoal avaliador foi designado entre os membros da Comisión de Calidade da Eido.

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial	-(*)
Total: 1 PD → (*) Sen resultado de conformidade: o obxectivo en interno foi o de realizar unha valoración que lle permitise ao PD identificar boas prácticas e oportunidades de mellora	

- Convocatoria de ACSUG 2021/22
Avaliación do curso 2020/21 e anteriores.
PD implantados en 2017/18

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Auga, sustentabilidade e desenvolvemento	Conforme
PD en Creatividade e innovación social e sustentable	Conforme
Total: 2 PD → 2 conformes	

- Convocatoria de ACSUG 2022/23
Avaliación do curso 2021/22 e anteriores.
PD implantados en 2017/18

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	Conforme
PD en Patrimonio Cultural	Conforme
Total: 2 PD → 2 conformes	

- Convocatoria de ACSUG 2023/24
Avaliación do curso 2022/23 e anteriores.
PD implantados en 2018/19

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Ciencias da educación e do comportamento	Conforme
PD en Educación, deporte e saúde	Conforme
PD en Ordenación xurídica do mercado	Conforme
PD en Tecnoloxías da información e as comunicación	Conforme
Total: 4 PD → 4 conformes	

- Convocatoria de ACSUG 2024/25
Avaliación do curso 2023/24 e anteriores.
PD implantados en 2019/20

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Biotecnoloxía Avanzada	<i>Pendente</i>
PD en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	<i>Pendente</i>
PD en Ciencias sociais e envellecemento	<i>Pendente</i>
PD en Comunicación	<i>Pendente</i>
PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Conforme
PD en Enxeñaría Química	<i>Pendente</i>
PD en Equidade e Innovación en Educación	<i>Pendente</i>
PD en Estudos Literarios	<i>Pendente</i>
PD en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	<i>Pendente</i>
PD en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	<i>Pendente</i>
Total: 10 PD → 1 conforme e 9 pendentes	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Ciencia e Tecnoloxía Química (USC)	<i>Pendente</i>
PD en Endocrinoloxía (USC)	<i>Pendente</i>
PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (USC)	<i>Pendente</i>
PD en Láser, Fotónica e Visión (USC)	<i>Pendente</i>
PD en Matemáticas e Aplicacións (USC)	<i>Pendente</i>
PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (USC)	<i>Pendente</i>
Total: 6 PD → Pendentes	

Renovación da acreditación

O RD 1393/2007 establecía unha **moratoria de 2 anos** para os PD na súa primeira renovación da acreditación en cada PD. A Eido da Uvigo elaborou unha **programación temporal** de acreditación, baseada nesta moratoria, para o período 2018/19 a 2021/22.

Esta reprogramación trasládase a ACSUG e á Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia para a súa aceptación en abril de 2019.

Curso	2018/19 (Piloto)	2019/20	2020/21	2021/22
Nº PD	4	10 + 4*	8 + 3*	1 + 2*

* PD interuniversitarios responsabilidade dunha universidade distinta da Uvigo

Histórico de resultados da **avaliación externa** (ACSUG):

- Convocatoria de ACSUG 2018/19. Proxecto piloto.
PD non interuniversitarios implantados en 2013/14, con moratoria de 2 anos
Dadas clave:
 - Presentación da documentación: 28.05.2019
 - Visitas: novembro de 2019
 - Resultados (informes finais de ACSUG): maio-xuño de 2020

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Ordenación Xurídica do Mercado	Favorable
PD en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns	Favorable
PD en Ciencias da Educación e do Comportamento	Favorable con especial seguimento
PD en en Educación, Deporte e Saúde	Favorable
Total: 4 PD → 3 Favorables e 1 Favorable con especial seguimento Todos renovan a súa acreditación	

- Convocatoria de ACSUG 2019/20
PD implantados en 2013/14 (**inclúe aos interuniversitarios** de aquí en adiante), con moratoria de 2 anos.
O desenvolvemento e os resultados desta convocatoria está en retraso, por mor da pandemia provocada pola Covid-19.
 - Presentación da documentación: 30.05.2020 (inicial), adiada ao 02.11.2020
 - Visitas: novembro de 2020 – febreiro 2021
 - Visita institucional: 12.01.2021
 - Resultados (informes finais de ACSUG): recibidos ao longo de 2021.

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Comunicación	Favorable

PD en Equidade e Innovación en Educación	Favorable
PD en Estudos Literarios	Favorable
PD en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Favorable
PD en Biotecnoloxía Avanzada	Favorable
PD en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Favorable
PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Favorable
PD en Enxeñaría Química	Favorable
PD en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Favorable con especial seguimento
PD en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	Favorable
Total: 10 PD → 9 Favorables e 1 Favorable con especial seguimento	

PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:

PD en Endocrinoloxía (USC)	Favorable
PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (USC)	Favorable
PD en Láser, Fotónica e Visión (USC)	Favorable
PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (USC)	Favorable
Total: 4 PD → 4 Favorables	

- Convocatoria de ACSUG 2020/21
 - PD implantados en 2013/14, con moratoria de 2 anos
 - Presentación da documentación: 25.05.2021
 - Visitas: a partir de xuño de 2021
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Estudos lingüísticos	Favorable
PD en Tradución e paratradución	Favorable
PD en Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	Favorable
PD en Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	Favorable
PD en Física Aplicada	Favorable
PD en Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Favorable

PD en Sistemas software intelixentes e adaptables	Favorable
PD en Tecnoloxía aeroespacial: enxeñaría electromagnética, electrónica, informática e mecánica	Favorable
Total: 8 PD → 8 Favorables	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Ciencia e Tecnoloxía Química (USC)	Favorable
PD en Estatística e investigación operativa (USC)	Favorable
PD en Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas (USC)	Favorable
PD en Nanomedicina (USC)	Non renovou
Total: 4 PD → 3 Favorables, 1 Non renovou	

- Convocatoria de ACSUG 2021/22
 - PD implantados en 2014/15, con moratoria de 2 anos
 - Presentación da documentación: 31.03.2022
 - Visita: setembro 2022
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial	Favorable
Total: 1 PD → 1 Favorable	

- Convocatoria de ACSUG 2022/23
 - PD implantados en 2017/18, sen moratoria
 - Presentación da documentación: 31.05.2023
 - Visita: Auga 28.06.2023, CREA 06.10.2023
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Auga, Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	Favorable
PD en Creatividade e innovación social e sustentable	Favorable
Total: 2 PD → 2 favorables	

- Convocatoria de ACSUG 2023/24
PD implantados en 2018/19
 - Presentación da documentación: 28.02.2024
 - Visita: 09.04.2024
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	Favorable
Total: 1 PD → 1 favorable	

- Convocatoria de ACSUG 2024/25
PD implantados en 2019/20
 - Presentación da documentación: 28.02.2025
 - Visita: 18.09.2025
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da Uvigo:	
PD en Patrimonio Cultural	Favorable
Total: 1 PD → 1 favorable	

Principais conclusións identificadas nos procesos de seguimento e acreditación

Inclúen os resultados transmitidos de xeito oral polas comisións de avaliación e tamén a través dos informes provisionais e definitivos.

Aspectos positivos

- Os programas manteñen o seu interese desde o punto de vista académico, científico e profesional, e están ben xustificados.
- Servizos de atención e soporte académico aos estudantes (actividades de información, difusión, xestión económica, admisión, xestión da defensa da tese e expedición de títulos)

- Información pública relevante, actualizada e coherente coas memorias, aínda que algúns aspectos das webs poden mellorarse (SA10)
- Altos niveis de satisfacción dos colectivos entrevistados e enquisados, aínda que pode mellorarse a participación e a información dalgúns aspectos (Saxx)
- Suficiencia e idoneidade dos recursos materiais e servizos dos centros
- Recursos humanos (profesorado, directores/titores de tese e persoal de administración e servizos) adecuados e suficientes para atender os programas
- Promoción da mobilidade (financiamento)
- Opinión dos colectivos nos enquisados (PAS, egresados) (SA6)
- Implantación efectiva do SGC (SA7)

Aspectos mellorables

- Internacionalización (colaboración con entidades de investigación, profesorado e membros de tribunais de teses, mobilidade, expertos, teses en co-tutela e con mención internacional) (SA1)
- Integración das liñas de investigación (re-equilibrio do núm. De estudantes por liña e do núm. Profesores que dirixen teses) (SA2)
- Reforzo das actividades formativas transversais (SA3)
- Grupos de investigación con proxectos competitivos (SA4)
- Xestión das actas das CAPD: xustificación dos criterios de admisión, complementos formativos recomendados (SA5)
- Información sobre a inserción laboral dos egresados

Programas na investigación

HRS4R (HR Excellence in Research)



En 2017 a Universidade de Vigo foi recoñecida pola Comisión Europea (CE) coa acreditación [HR Excellence in Research Award](#) e tamén co Selo de Excelencia. Este programa establece os principios e estándares europeos de calidade no Espazo Europeo

de Investigación ([The European Charter & Code for Researchers](#)) canalizadas a través da axencia europea EURAXESS da Comisión Europea.

A Eido, como centro de investigación e responsable da formación de investigadores na súa primeira etapa de desenvolvemento profesional, incorporouse en 2019 ás dinámicas deste programa e ao seu [plan de acción 2019/2022](#).

O selo HR foi renovado en abril de 2023, tras unha valoración favorable da *Renewal Phase Assessment With Site Visit – Consensus Report*. Próxima avaliación: 2026.

A maiores, estanse a analizar, consultar e determinar os estándares para o que previsiblemente será a nova Carta Europea do Investigador, o que provocará cambios no programa.

A UVigo mantén un firme compromiso institucional coa implementación do programa HR Excelencia na Investigación, totalmente integrado no Plan Estratéxico 2021–2026, onde se define como unha prioridade estratéxica.

O actual Plan de Acción 2023–2026 concíbíuse como un marco ambicioso e con visión de futuro, estruturado en torno a 21 liñas de acción. Estas combinan medidas de continuidade dos ciclos anteriores con novas iniciativas aliñadas coa Carta Europea de Investigadoras e Investigadores actualizada (2023), garantindo unha transición progresiva, innovadora e sostible cara a un novo ciclo de mellora continua.

Un valor engadido significativo deste ciclo é a natureza multidisciplinar e transversal reforzada do Plan de Acción, que integra unha ampla gama de áreas temáticas (xestión de persoal, ciencia aberta, avaliación da investigación, sostibilidade, comunicación, gobernanza e formación). Este enfoque implica múltiples vicerreitorados, servizos, centros de investigación e unidades de apoio, garantindo que o HRS4R se implemente como unha responsabilidade institucional compartida, en lugar de como unha iniciativa illada. Esta multidisciplinaridade mellora tanto a coherencia como o impacto das accións, así como a súa integración nas operacións diarias da universidade. En particular, a Eido é un actor clave pola súa misión de formación de investigadores (R1) e, como tal, participa na meirande parte das liñas de acción.

En paralelo, o plan amosa un forte aliñamento coas prioridades e prazos emerxentes do Espazo Europeo de Investigación (ERA), incluíndo:

- O Marco Europeo para as Carreiras Investigadoras (Recomendación do Consello, decembro de 2023), que aborda as carreiras, a contratación e as condicións de traballo

- A reforma da avaliación da investigación (CoARA, lanzada en 2022; plan de implantación 2024–2027), promovendo enfoques cualitativos e de avaliación responsable
- O fortalecemento das capacidades de xestión da investigación (Acción ERA 17, a partir de 2023–2024), incluíndo a profesionalización, a formación e a rede de xestores de investigación.

O seguimento do Plan de acción foi presentado e aprobado en Consello de Goberno o 14 de xuño de 2026. Actualmente, está en fase de avaliación pola Comisión Europea.

Avances máis significativos (con impacto na Eido)

- Implantación do Regulamento do Persoal Investigador Visitante
- Posta en marcha do procedemento para recibir o persoal investigador visitante (plataforma para solicitar as invitacións)
- Iniciouse a elaboración da web con información útil para investigadores visitantes (Welcome Pack)
- Iniciouse a redacción do Regulamento de Ética na investigación da Universidade
- Realización de charlas informativas sobre Ciencia Aberta
- Integración da Universidade de Vigo na European Open Science Cloud (EOSC)
- Aprobación da Normativa de contratación de investigadores con cargo a proxectos
- Implantación de actividades ligadas ao *Welcome Pack* (manual de benvida) para persoal investigador visitante nas súas estadias de investigación na UVigo (HR1)

Aspectos mellorables

- Formación en *HR soft skills* para o dito perfil R1 (ética na investigación, boas prácticas en investigación, propiedade intelectual, ciencia aberta, protección de datos...) (HR2)
- Mentoría e orientación profesional (HR3)

Programas transversais: Medición da satisfacción e Sistema QSP

Medición da Satisfacción

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba estas actividades.

Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.



Segundo ciclo: 2019/20 a 2022/23

- 2020: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia- e 2019/20)
- 2020: segunda enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20
- Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas.
- Os detalles desta programación poden atoparse na documentación da Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.
- Organización para preparar as actividades de medición orientadas ao PAS e realización da primeira enquisa mediante un grupo de traballo (novembro 2021)
- Acordo para homoxeneizar a medición da satisfacción, por grupos de interese, dos programas de doutoramento, entre as 3 universidades do SUG (xullo 2021)
- Coordinación co Observatorio de Egresados da UVigo do Consello Social para activar estudos de inserción laboral e a enquisa a egresados. Publicación do primeiro estudo de inserción laboral, 1995-2020.

- Realización das enquisas sobre inserción laboral e satisfacción cos estudos a egresados de doutoramento correspondentes ao curso 2021/2022 (outubro 2022, polo que os resultados estiveron dispoñibles no curso 2023/2024)

Terceiro ciclo (actual): 2022/23 a 2025/26

Como continuación do ciclo anterior, na Comisión de Calidade do 27 de xullo de 2023 aprobáronse as metodoloxías e a programación das enquisas para un novo período 2022/23 a 2025/26 no que se inclúen as seguintes accións:

- Realización dunha enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano
- Realización dunha enquisa bienal ao PDI (directores e titores de teses): 2022/23 + 2023/24 e 2024/25 + 2025/26
- Realización dunha enquisa bienal ao PAS: En maio de 2023 e maio de 2025. Sen embargo, debido aos cambios relacionados cos concursos de traslados de persoal, a primeira, considerouse convinte adiar o comezo deste ciclo de enquisas.
- Realización dunha enquisa anual a egresados de inserción laboral e de satisfacción cos estudos de doutoramento. Esta enquisa realizarase en coordinación co Observatorio de Egresados da UVigo do Consello Social e os primeiros datos son os correspondentes ao curso 2021/2022.

Sistema de QSP

O sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) implantouse na Eido, isto é, no ciclo de doutoramento, en 2015.

As principais fontes de entradas de QSP son a Eido e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Síntese de resultados:

Ata o curso 2019/20, recibíronse 8 queixas e 2 preguntas, en relación coa xestión dos programas de doutoramento, dende setembro de 2017. A medio foi de 2,5 QSP por curso e o tempo medio de resposta foi de 8,1 días, o cal está dentro do previsto no regulamento de QSP.

No curso 2020/21 recibíronse 8 QSP. O tempo medio de resolución foi de 6,375 días. As temáticas foron:

- Emisión de títulos diferentes para cada idioma (non un único título cos dous idiomas)
- Pago dun curso completo en época de pandemia ou depositando a tese a principio do curso
- Listados ordenados alfabeticamente ou cunha orde lóxica
- Utilización paralela de formularios TC-24, TC-25 e TC-32
- Emisión automática de certificado de matrícula, en réxime de autoservicio

O tempo de resposta mellorou respecto a cursos pasados.

No curso 2021/22 recibíronse 4 queixas e 3 suxestión. O tempo medio de resposta foi de 6,7 días (4,6 para as suxestión e 8,25 para as queixas). As temáticas foron:

- Baixa no programa de doutoramento aducindo baixo rendemento (queixa).
- Ofertar un curso sobre desenvolvemento profesional para doutorandos (suxestión)
- recargo por impago de prezos públicos académicos (queixa)
- Información sobre actividades formativas, informe necesario para bolsa GAIN e profesor encargado das actas (queixa)
- emisión automática dun documento identificativo para o alumnado (suxestión)
- xustificación da duración dos estudos de acceso (queixa).
- convocatorias de premios extraordinarios de doutoramento (suxestión)

No curso 2022/23 recibíronse 3 queixas e o tempo medio de resposta foi de 10,7 días (15,6 para as suxestión e 8,25 para as queixas). As temáticas foron:

- falta de supervisión dos directoras
- mal funcionamento de usuario e contrasinal para acceso á secretaría virtual
- período de renovación de matrícula en doutoramento cando se ingresa a un programa de doutoramento en febreiro

No curso 2023/24 recibíronse 3 queixas no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e ningunha na EIDO. O tempo medio de resposta foi de 4,3 días e as temáticas estiveron relacionadas con:

- Os retrasos na entrega de duplicados de título de doutor/a
- A información da web para matricularse e sobre a documentación necesaria
- O prazo de implementación de complementos de formación

No curso 2024/25 recibíronse 5 queixas e unha suxestión no Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e ningunha na EIDO. O tempo medio de resposta foi de 5,5 días e as temáticas estiveron relacionadas con:

- O proceso de matriculación no caso de estudantes que superaron o tempo de presentación da tese sen ter solicitado prórroga e requiren avaliación anual
- A configuración de actividades formativas que interfíren co horario laboral
- Problemas para a matrícula de continuación nos estudos de doutoramento e despois dunha baixa definitiva

Principais conclusións identificadas nos programas asociados á xestión da satisfacción

Aspectos positivos

- Alto nivel de participación en todas as actividades de medición da satisfacción, aínda que tendendo a estabilizarse (entre o 40-55%)
- Valores de satisfacción positivos, preto de 4/5 na escala.
- Os resultados de participación e satisfacción harmonízanse cada vez máis entre programas de doutoramento.
- Modelo cíclico do programa de medición de satisfacción
- Harmonización dos cuestionarios e metodoloxías de medición no SUG (Sat2)
- Recollida de opinión de forma regular para os grupos de interese do estudantado, profesorado e egresados (Sat3)
- Sistema de QSP consolidado

Aspectos mellorables

- Tempo de resposta ás QSP – pero sempre dentro dos prazos establecidas nas normas (Sat1)
- Baixa participación nas QSP

I.6 Recursos orzamentarios

O orzamento da EIDO ten como finalidade principal atender as necesidades formativas dos estudos de doutoramento da Universidade de Vigo e para o ano 2025 foi de 249.650 €, o que supón un incremento do 10% con respecto ao do ano pasado. O incremento do orzamento está relacionado co aumento dos fondos destinados a bolsas de mobilidade de

estudantes de doutoramento, en liña co obxectivo estratéxico da EIDO de incrementar a internacionalización dos estudos. O incremento tamén permite mellorar o plan de comunicación da EIDO, actualizando as páxinas web dos programas e da EIDO, así como planificar o desenvolvemento do programa piloto proposto pola FECYT.

A dotación presupostaria cubre as necesidades de gastos xerais da EIDO e inclúe unha dotación para os programas de doutoramento: Un 40% do orzamento é executado de forma centralizado dende a EIDO e un 60% distribúese entre os programas de doutoramento. Esta distribución faise de forma que cada programa conta cunha dotación fixa (10%) e para o resto empréganse como criterios a matrícula de alumnado en tutela de tese (30%) e a produción de teses de doutoramento (20%).

Entre os gastos correntes centralizados dende a EIDO, inclúese o mantemento da web da EIDO e das webs propias dos programas. (estes gastos relacionados coas webs dos programas centralizáronse na EIDO en 2023). Tamén se inclúen os gastos relativos a viaxes dos tribunais da convocatoria de premios extraordinarios ou do equipo de dirección da EIDO en representación da Escola, coordinación entre escolas de doutoramento do SUG, asistencia a Conferencia Nacional de Directores de Escolas de Doutoramento, Encontro da Mocidade Investigadora, etc.

Como parte esencial da actividade formativa da Escola, inclúense tamén os gastos derivados de cursos, seminarios e outras actividades formativas organizados polos programas de doutoramento que implican a participación de doutores especialistas externos. Os gastos derivados das actividades formativas transversais tamén forman parte dos gastos centralizados da EIDO, ademais dos gastos derivados da publicación de artigos en revistas, sempre que constitúan contribucións das teses do programa e figure claramente a adscrición a UVigo doutorando/a.

Por último, debe destacarse que na parte centralizada tamén se inclúen os correspondentes ás convocatorias de mobilidade e de excelencia académica. O impulso da internacionalización forma parte das liñas estratéxicas prioritarias da EIDO e, neste marco, o apoio á mobilidade de estudantes de doutoramento da EIDO diríxese as estadias de investigación noutros centros que permiten o recoñecemento de mención internacional ou para atender determinados cursos, seminarios ou simposios incluídas na súa programación académica. Por outra banda, a convocatoria á excelencia académica en doutoramento proporciona un apoio económico aos mellores expedientes. Neste sentido a EIDO quere atender de xeito especial ao alumnado que inicia estudos de doutoramento

nesta Universidade e destaca por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento. A tramitación administrativa destes gastos faise a través do Servizo de Bolsas e Prezos Públicos da universidade.

1.7 Outras actividades

Ademais das actividades indicadas nesta memoria relacionadas con aspectos de calidade, a EIDO realizar numerosas actividades no seu traballo cotián, entre as que se poden destacar:

- Participación na reforma da avaliación da investigación na UVigo organizada pola vicerreitoría de investigación da Universidade de Vigo: A EIDO colabora na reforma da avaliación da investigación emprendido pola UVigo dentro da Coalición de Organizacións para o Avance da Avaliación da Investigación (CoARA), que terá repercusión na concesión futura de premios extraordinarios de doutoramento.
- Participación en grupos de traballo da Conferencia de Directores/as de Escolas de Doutoramento: Neste curso 2024/2025 a EIDO participou nos dedicados ao establecemento de compromisos comúns relativos ao número de premios extraordinarios anuais e mencións *cum laude*.
- Participación no grupo de traballo integrado pola CRUE Divulga, Escolas de Doutoramento, profesorado universitario especializado en comunicación científica e persoal da Unidade para o Avance da Comunicación Científica de FECYT para o desenvolvemento dun programa piloto para dotar aos doutorandos/as da capacidade de comunicación científica coa sociedade acerca dos seus ámbitos de coñecemento e de fomentar a Ciencia Cidadá, segundo o requirido pola regulación dos ensinos oficiais de doutoramento (RD 99/2011 e RD 576/2023).
- Participación en actividades da Universidade Europea Athena centradas na educación, innovación e investigación que incluíron formación sobre emprendemento para doutorandos, seminarios para desenvolver proxectos de investigación conxuntos e reunións específicas sobre as distintas estruturas dos estudos de doutoramento.
- Colaboración no seminario práctico da Carreira Investigadora organizado pola APIUVigo (Asociación de Persoal Investigador da Universidade de Vigo) en colaboración coa EIDO, centrado en diferentes aspectos da carreira investigadora

(contratos predoutorais, traxectoria, saídas profesionais, estudos de doutoramento, calidade en doutoramento, mencións, méritos, bases de datos de revistas científicas, índices de impacto, consellos sobre revistas onde publicar e como evitar revistas depredadoras, etc).

II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS

II.1 Catálogo de indicadores de doutoramento

A partir do curso 2023/2024 consolídase o emprego do catálogo de indicadores consensuado polas tres universidades do SUG. Por outra banda, dispónse dos primeiros resultados das enquisas sobre a inserción laboral e a satisfacción dos egresados de doutoramento do curso 2020/2021, obtidos en colaboración co observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo a finais do curso 2022/2023. Por último, axilizouse a ao nivel da EIDO a xestión dos indicadores e homoxeneizouse a súa presentación, de forma que aproximadamente ao comezo do segundo trimestre dispónse da información correspondente ao curso anterior.

Debe indicarse aquí que o proceso de actualización e mellora do SGC comezado neste curso 2024/2025 contempla un novo catálogo de indicadores que, ademais de actualizar modos de cálculo, introduce indicadores do programa HR e de sostibilidade (ODS).

II.2 Resultados acadados

O Anexo 5 recolle os resultados históricos dos indicadores do SGC da EIDO, desde o curso 2014/2015 ata o curso 2024/2025. Estes indicadores están calculados como resultados agregados do conxunto dos PD adscritos á EIDO. Dende o curso 2023/2024 tamén se dispón da información separada por ámbitos de coñecemento.

II.3 Análise dos resultados

A continuación empréganse os datos dos indicadores para comentar os resultados agrupados polas directrices incluídas no SCG (en azul están marcados os indicadores estratéxicos)

Directriz 1 Política e obxectivos de calidade

Procesos asociados

- Estratexia
- Revisión do SGC
- Control dos documentos
- Control dos rexistros

Indicadores

Esta directriz non ten indicadores asociados.

Análise

A Universidade de Vigo aprobou o novo Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026, que se desenvolveu ao longo do 2019/20. En liña con este Plan, a EIDO actualizou e aprobou a súa nova estratexia para o período 2022-2026 que inclúe unha declaración da misión e da visión, liñas estratéxicas de actuación como resultado da revisión e actualización da política de calidade e obxectivos de calidade revisados e actualizados, coas metas anuais programadas

Todos os procesos mencionados nesta directriz están implantados, incluíndo o control de rexistros dende este curso 2023/2024.

Directriz 2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Procesos asociados

- Deseño e aprobación dos programas
- Seguimento, mellora e acreditación dos programas
- Suspensión e extinción dos programas

Indicadores

Esta directriz non ten indicadores asociados.

Análise

Os procesos ligados á xestión dos PD están completamente definidos e utilizados con éxito desde a súa aprobación no marco do Sistema de Garantía de Calidade. En particular, os programas de verificación e seguimento. No 2021 rematou o proceso de renovación de acreditación da maioría dos programas, con resultado positivo en todos os casos, e nos próximos cursos comezarán os segundos ciclos de seguimento da moitos deles. Os resultados dos procesos VSMA dos PD son claramente positivos.

Directriz 3 Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantado

Procesos asociados

- Admisión
- Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as
- Xestión da mobilidade
- Atención ao estudantado e orientación profesional
- Autorización e defensa da tese
- Xestión das QSP

- Medición da satisfacción

Indicadores e análise

- Admisión
- IPD1 Número de prazas ofertadas
- IPD2 Demanda
- IPD3 Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso –indicando os que proceden de PD en extinción-
- IPD4 Número total de estudantes matriculados/as desagregado por universidade participante, de ser o caso –PD interuniversitarios-
- IPD5 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de master doutras universidades
- IPD6 Porcentaxe de estudantes estranxeiros -fóra de España- sobre o total de matriculados
- IPD7 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos
- IPD8 Porcentaxe de estudantes matriculados/as segundo a dedicación –tempo completo, tempo parcial e mixto-
- IPD12 Porcentaxe de estudantes segundo o perfil de ingreso

IPD1	As prazas ofertadas desde o curso 2019/2020 están estabilizadas sobre 530 prazas, o que indica que estamos xa no réxime permanente
IPD2	Agás un pequeno descenso no curso 2021/2022, a demanda global é similar ou lixeiramente superior á oferta de prazas e con tendencia ascendente, o que indica que a oferta está ben axustada á demanda e o interese dos estudos de doutoramento.
IPD3	O número de estudantes matriculados de novo acceso mantívose estable en torno aos 330 anuais ata o curso 2021/2022, e experimenta unha tendencia crecente ata os case 400 estudantes nos últimos dous cursos.
IPD4	O número total de estudantes matriculados presenta unha tendencia ascendente, chegando a mais de 1600 estudantes nos últimos dous cursos, cunha maioría de mulleres matriculadas (en torno ao 53%).
IPD5	A porcentaxe de estudantes procedentes doutras universidades segue aumentando ata chegar en torno ao 45-50%, o que indica o atractivo dos programas da UVigo para os estudantes doutras universidades
IPD6	A porcentaxe de estudantes estranxeiros aumentou lixeiramente cada ano e supera o 35%, con números superiores de mulleres (en torno ao 55%) o que amosa a capacidade de internacionalización da EIDO.
IDP7	Moi poucos estudantes (2%-3%) necesitan facer complementos formativos

IPD8	A dedicación maioritaria é a de tempo completo, estabilizándose en torno ao 65-70%
IPD12	A maioría do alumnado (63%) accede actualmente con títulos de grao e máster

- Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as
- IPD11 Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral -FPI, FPU, Xunta...-
- IPD13 Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación
- IPD18 Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título
- % de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta

IPD11	Nos últimos cursos a porcentaxe de alumnado que ten bolsa predoutoral é estable nun valor próximo ao 10%, cunha tendencia lixeiramente crecente, e aínda non se acadaron os valores previos á pandemia.
IPD13	O número de liñas de investigación activas reduciuse lixeiramente no último curso ata as 428 liñas, con unha media superior a 3 estudantes por liña
IPD18.1	O número de teses defendidas crece significativamente a partires do curso 2017/18, reduciuse e estabilizouse en torno a 140 teses defendidas trala pandemia e amosa unha tendencia crecente nos tres últimos cursos, chegando neste 2024/2025 as 165 teses.
IPD18.2	A dedicación maioritaria nas teses defendidas foi a de tempo completo, e tras un lixeiro descenso, semella estabilizarse en torno ao 60-70%
IPD18.3	Mayoritariamente as teses presentase en inglés (44%) e castelán (43%). O uso do galego é minoritario, subiu no 2023/2024, pero reduciuse no último curso ao 3%.
IPD18.4	A duración media dos estudos a tempo completo acercouse no último curso ao valor teórico de 5 anos (duración máxima a tempo completo) no último curso (4.9 anos), semellante ao valor previo á pandemia de COVID19
IDP18.6	En liña co anterior, un 62% do estudantado precisou solicitar as dúas prórrogas antes de rematar a tese e reducise notablemente (ata o 12%) o estudantado que non solicita prórrogas.
IPD18.7	A maioría dos estudantes reciben a cualificación cum laude, aínda que a parece consolidarse unha redución ata o 85% nos últimos cursos.
IPD18.8	Nos cursos 2018/2019 e 2019/2020, a porcentaxe das teses con mención internacional era próxima ao 40% pero por mor da pandemia baixou a un 30%. Aínda que os valores se recuperaron lixeiramente, o indicador semella estabilizarse ao arredor do 35% deste último curso.

Aínda que o valor deste indicador está por debaixo da meta asociada, a análise detallada amosa que nos ámbitos de Ciencias e Ciencias da Saúde se superan o 50% de teses con mención internacional, mentres que noutros ámbitos de coñecemento este indicador non acada a meta asociada. Por outra banda, a taxa incrementase se só se consideran os estudantes a tempo completo. Por último, este indicador tamén está moi condicionado pola dispoñibilidade de financiación para a realización de estancias, aspecto tamén moi dependente do ámbito de coñecemento.

- Xestión da mobilidade
- IPD9 Porcentaxe de estudantes –entrantes/saíntes- que realizan estadías de investigación autorizadas pola CAPD
- IPD10 Porcentaxe de estudantes –entrantes/saíntes- que participan en programas de mobilidade

IPD9 A porcentaxe de estudantes aumentou ata o 10% chegando aos valores máximos previos á pandemia.

IPD10 A porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade é moi baixa, aínda que nos últimos cursos obsérvase unha subida ata o 2% de estudantes saíntes.

- Atención ao estudantado e orientación profesional
Este proceso non ten indicadores asociados.
En todo caso, os resultados obtidos por diferentes fontes (informes de avaliación de seguimento e de acreditación dos PD, sistema de QSP e resultados das enquisas a todos os colectivos dispoñibles) permiten constatar a boa valoración dos servizos de atención ao estudantado, tanto en cuestións administrativas como académicas. Como xa se comentou noutras epígrafes, queda por mellorar a orientación profesional e a mentoría.
- Autorización e defensa da tese
- IPD14 Número de teses defendidas en réxime de codirección
- IPD17 Número de expertos internacionais que participan nas comisións de seguimento ou nos tribunais de teses
- IPD18 Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título
 - N° de teses defendidas
 - N° de teses presentadas en galego, castelán ou outra lingua
 - Duración media dos estudos a tempo completo / tempo parcial
 - Taxa de éxito

- % doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
- % doutorandos que defenden a súa tese despois de pedir a 1ª prórroga
- % doutorandos que defenden a súa tese despois de pedir a 2ª prórroga
- Porcentaxe de teses coa cualificación *cum laude*
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD14 En torno ao 70% das teses son codirixidas, unha tendencia que se consolida en crecemento.

IPD17 Algo mais do 25% dos membros de tribunais de teses son expertos internacionais, valores que parecen estabilizarse

- Xestión das QSP

Este proceso non ten indicadores asociados.

En todo caso, a súa análise realízase na epígrafe I.4 Programas transversais: Medición da satisfacción e Sistema QSP.

- Medición da satisfacción

- IPD19 Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución)
- IPD20 Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos/as
 - % egresados que están traballando
 - % egresados que están traballando en función do nivel de doutor
 - % doutores que acadan axudas para contratos postdoutorais

IPD19 A participación nas enquisas é cercana ao 50% cunha lixeira tendencia ascendente neste último curso. Por outra banda, a satisfacción é elevada e os valores deste curso son similares aos mais altos do conxunto de cursos valorados, tanto para estudantado como para o PDI.

IPD20 A empregabilidade dos egresados é moi elevada, xa que o 90% está traballando, aínda que a taxa de emprego encaixada é considerablemente menor.

A maiores, pode atoparse información adicional na epígrafe I.4 Programas transversais: Medición da satisfacción e Sistema QSP.

Directriz 4 Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Procesos asociados

- Xestión do persoal académico
- Xestión do persoal de apoio

Indicadores e análise

- Xestión do persoal académico
- IPD15 Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes
- IPD16 Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe teses sobre o profesorado total do programa

IPD15 A porcentaxe de sexenios vivos do total de profesores da UVigo dos PD é superior ao 78%, superior ao 60% establecido nas normas de verificación dos títulos.

IPD16 Tras unha tendencia claramente ascendente, a porcentaxe de directores estranxeiros parece manterse en torno ao 14% nos últimos cursos

- Xestión do persoal de apoio
Este proceso non ten indicadores asociados.
En todo caso, os resultados obtidos por diferentes fontes (informes de avaliación de seguimento e de acreditación dos PD, sistema de QSP e resultados das enquisas a todos os colectivos dispoñibles) permiten constatar a suficiencia e satisfacción co persoal de apoio.

Directriz 5 Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**Procesos asociados**

- Xestión dos recursos materiais e servizos

Indicadores

Este proceso non ten indicadores asociados.

Análise

En liñas xerais, os resultados obtidos por diferentes fontes (informes de avaliación de seguimento e de acreditación dos PD, sistema de QSP e resultados das enquisas a todos os colectivos dispoñibles) permiten constatar que as infraestruturas físicas e virtuais son suficientes, axeitadas e están altamente valoradas nas enquisas de satisfacción dispoñibles.

No ano 2020 rematouse a implantación, na plataforma informática Xescampus, dos módulos relativos á entrega das teses, compromiso de supervisión e documento de actividades do alumnado. Isto permitiu avanzar na dixitalización dos procesos. Así mesmo,

desde este curso xa está plenamente operativa a aplicación do SGC na Secretaría Virtual que permitirá un mellor control e acceso á documentación do sistema.

Directriz 6 Información pública

Procesos asociados

- Información pública e rendemento de contas

Indicadores

Este proceso non ten indicadores asociados.

Análise

En liñas xerais, podemos afirmar que a información pública, tanto dos programas de doutoramento como da EIDO, foi mellorando a raíz das recomendacións dos informes de seguimento e de acreditación. Tomando estes resultados como referencia, levouse a cabo un proceso de análise para harmonizar e organizar os distintos niveis de información.

As páxinas web dos programas foron integradas coa páxina da EIDO, que sufriu unha reestruturación coa nova web da Universidade de Vigo do 2024, que contén mais información pública a nivel institucional e dos PDs. Os resultados de satisfacción e os informes de avaliación externos sinalan que se está a traballar no bo camiño.

Principais conclusións identificadas a través da análise dos datos e dos indicadores de resultados

Aspectos positivos

- Procesos de seguimento, modificación e acreditación consolidados
- Estabilidade da matrícula do alumnado
- Boa capacidade para atraer alumando extranxeiro (35%)
- Elevado número de teses defendidas, un 85% cum laude e un 35% con mención internacional.
- Aumenta a porcentaxe de teses codirixidas (70%) son codirixidas e unha cuarta parte teñen algún investigador estranxeiro no seu tribunal
- A participación nas enquisas é elevada, así como o resultado global destas
- Cerca do 80% do profesorado da Universidade de Vigo que participa nos programas de doutoramento ten o sexenio vivo
- Os recursos materiais e os servizos melloraron nos últimos anos

- Mellorou a información pública, tanto da propia Universidade de Vigo como dos programas de doutoramento

Aspectos mellorables

- Implantación efectiva do control de rexistros (Ind1)
- Incremento da mobilidade do estudantado (Ind2)
- Datos de empregabilidade encaixada dos doutorandos (Ind3)
- Aumentar a porcentaxe de teses con mención internacional (SG12)

III ACORDOS PREVIOS

III.1 Acordos da memorias anteriores: seguimento e avaliación

LISTAXE DE ACORDO						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	RESPON- SABLE (*)	DATA FIN PREVISTA	ESTADO	COMENTARIOS
1	SG1	Realizar actividades de formación e sensibilización en calidade para os distintos colectivos	CC / XP	4ºT 2022		Primeira reunión de formación feita en maio de 2023
2	SG2	Implicar os responsables de calidade dos PD no desenvolvemento dos programas de calidade - o Identificar / formalizar as designacións - o Formar e sensibilizar as persoas - o Crear unha rede de colaboración	CC / AC	3ºT 2021		Os responsables de calidade están identificados e colaboran activamente do desenvolvemento dos procesos.
3	SG3, SA5, Ind1	Mellorar o control documental dos PD: - o Activar o control dos rexistros na aplicación do SGC - o Harmonizar a xestión das actas das CAPD	CC / XP / AC	4ºT 2022		Aplicación en funcionamento. Cargado o histórico de documentación.
4	SG4, Ind3	Activar o cálculo dos indicadores de inserción laboral	CC / XP	1ºT 2022		O Observatorio da Universidade de Vigo realizou o estudo histórico e o 2021/2022

5	SG5	Dispor de resultados de indicadores agregados ○ Consolidar o cálculo para o conxunto da Eido ○ Segregar os datos por rama de coñecemento	CC / XP	4ºT 2021		Disponíbles por primeira vez nesta memoria (Ver Anexos)
6	SG6, SA7	Impulsar a implantación efectiva dos procesos do SGC	CC / AC	4ºT 2022		Previsto rematar en 2023. Finalizado
7	SG7	Potenciar a participación activa da Comisión de Calidade nos procesos de funcionamento da xestión de calidade da Eido	CC	1ºT 2022		
8	SG8	Activar a implantación de estándares de sostibilidade	DE / AC	2ºT 2023		Comezo en 2023 (véxase Manual de Calidade. Procedementos, indicadores)
9	SA1, Ind2	Potenciar a internacionalización dos PD (colaboración con entidades de investigación, profesorado e membros de tribunais de teses, mobilidade, expertos, teses en co-tutela e con mención internacional)	DE	4ºT 2022		
10	SA2	Potenciar a integración das liñas de investigación dos PD (re-equilibrio do núm. de estudantes por liña e do núm. profesores que dirixen teses)	DE	4ºT 2022		Modificación das memorias no curso 2024/2025 (pendentes de avaliación)
11	SA3, HR2	Reforzar as actividades formativas transversais / <i>soft skills</i>	DE	4ºT 2022		Novas actividades transversais

12	SA5	Fomentar os grupos de investigación con proxectos competitivos	DE	4ºT 2022		Mediante a fusión de liñas e grupos de investigación. Modificación das memorias realizada no curso 2024/2025.
13	SA6, Sat3	Activar a recollida de opinión do PAS e dos egresados	AC	4ºT 2021		Nova enquisa planificada para o curso 2025/2026.
14	HR1	Implantación de actividades ligadas ao <i>Welcome Pack</i> (manual de benvida) para persoal investigador visitante nas súas estadias de investigación na UVigo	XP / AC	1ºT 2022		
15	HR3	Impulsar a mentoría e mellorar a orientación profesional	CC	3ºT 2022		Participación de estudantes de doutoramento no Programa Mentoring Alumni-UVigo
16	Sat 1	Mellorar o tempo de resposta ás QSP	XP / CC	2ºT 2022		
17	Sat2	Harmonizar os cuestionarios e metodoloxías de medición da satisfacción no SUG	AC	1ºT 2022		Acordo no SUG en xuño de 2021
18	SG9, SA10	Actualizar a web da EIDO e empregar MOOVI para mellorar a información pública dispoñible para os grupos de interese	DE / CC	3ª T 2025		Nova versión da web y MOOVI
19	SG10, SA2, SA3, SA4	Modificación substancial das memorias dos PD para adaptarse ás novas normativas.	DE	2ªT 2025		Realizada no curso 2025/2026 (pendente de avaliación)

		A modificación servirá tamén para impulsar as accións relacionadas cos programas				
20	SG11	Acelerar as accións para dispor de información sobre os ODS e publicacións.	DE / XP	4ªT 2025		Disponse xa dos datos de publicacións. O cuestionario de ODS está deseñado e recolleranse os primeiros datos no curso 2025/2026
21	SG12	Establecer convenios de con universidades extranxeiras e aumentar a financiación e o número de bolsas para a realización de estadías longas que podan dan lugar a mención internacional.	DE	3º T 2027		Existen contactos con universidades arxentinas interesadas no establecementos de convenios.

(*)

DE: Dirección da Eido

CC: Coordinador de Calidade da Eido

XP: Xefe Servizo Xestión de Estudos de Posgrao

AC: Área de Calidade

Estado de situación das accións:



Programada



En execución



Realizada e eficaz



En retraso

IV CONCLUSIONES E ACORDOS

IV.1 Conclusiones relevantes

Considerando o estado de situación do SGC e o funcionamento dos outros programas de calidade cos que está interrelacionado, podemos concluír:

- **O deseño** do SGC aprobado en 2020 é **robusto**. Pola contra, os cambios lexislativos e os normativos derivados, así como a experiencia adquirida, volven conveniente programar cambios na documentación, con vistas tamén a futuros procesos de certificación da implantación e acreditación institucional.
- A Comisión de Calidade da EIDO está **plenamente operativa** e funciona conforme está previsto no Manual de Calidade. A frecuencia das súas reunións e as temáticas que se tratan son cada vez maiores.
- Os procesos están implantados conforme o previsto no deseño. Son convenientes posibles actualizacións derivadas do comentario anterior.
- Para unha plena e eficaz implantación do SGC é preciso buscar a **implicación de todos os colectivos**. En particular, considérase clave o perfil dos responsables de calidade dos programas. Será necesario reactivar as actividades de formación e sensibilización previstas.
- Con todo, o SGC ten a **capacidade de prover información** sobre a situación e os resultados de todos os programas de doutoramento adscritos á EIDO, sexan ou non responsabilidade da UVigo. A obtención dos resultados dos indicadores de todas as áreas temáticas (académicos, satisfacción...) realízase de forma automatizada (mínima intervención manual) e institucional, en tempo e forma. Dispónse de indicadores agregados da Eido e segregados por ámbito de coñecemento.
- Os programas de **seguimento e de acreditación** funcionan con total normalidade. Dispónse de evidencias e resultados que fundamentan a análise e a toma de accións de mellora. Os resultados acadados son moi positivos.
- **O programa HR** serve como panca para integrar melloras no SGC tendo en conta os estándares europeos de investigación.

–O programa de **medición da satisfacción** avanza conforme o previsto na programación aprobada na Comisión de Calidade da EIDO.

IV.2 Acordos

A dirección da EIDO, á vista deste informe, propón á Comisión de Calidade, adoptar os seguintes acordos:

1. Manter a Estratexia da EIDO e os seus obxectivos de calidade e metas asociadas. A proximidade da data final da Estratexia da EIDO non fai recomendable suxerir cambios nas metas asociadas e aínda débense rematar as accións para acadar a acreditación institucional e dispor de información sobre os ODS. Porén, considerase recomendar na vindeira estratexia da EIDO, unha revisión da meta relativa as teses con mención internacional (moi dependente dos ámbitos e da financiación dispoñible) e a meta referida ás contribucións científicas por egresado (probablemente infraestimada).
2. Manter a oferta formativa de programas de doutoramento e actividades formativas.
3. Seguir potenciando a participación activa da Comisión de Calidade nos procesos de funcionamento da xestión de calidade da EIDO
4. Rematar o Plan de Actualización e Mellora do SGC (Anexo 3)
5. Aprobar a revisión das accións incluídas na sección Acordos Previos.
6. Validar a Memoria de Calidade dos cursos 2024/25 e propoñer a súa aprobación ao Comité de Dirección da EIDO.
7. Publicar, unha vez aprobada, a Memoria de Calidade do cursos 2024/2025
8. Elaborar no 2ºT do curso 2026/2027, a Memoria de Calidade 2025/26

V ANEXOS

- Anexo 1: Plan de accións da certificación do deseño do SGC
- Anexo 2: Plan de mellora da implantación do SGC
- Anexo 3: Plan de actualización e mellora do SGC
- Anexo 4: Solicitud de certificación da implantación do SGC
- Anexo 5: Resultados históricos dos indicadores do SGC: Agregación EIDO e por ámbitos de coñecemento

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DE DOUTORAMENTO DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

PLAN DE ACCIÓNS DE MELLORA
INFORME DE AVALIACIÓN DO DESEÑO

XULLO 2020

ACTUALIZACIÓN: V4 NOVIEMBRE 2025

UNIVERSIDADE: Universidade de Vigo NOME DO CENTRO AVALIADO: Escola Internacional de Doutoramento (Eido) Data: 30.07.2019 (informe de avaliación)						Data: 11.2025	
Este plan elabórase en resposta ao informe de avaliación do deseño de data: 30.07.2019 Nome do presidente da comisión de avaliación: Jesús Féliz Mindán						SEGUIMIENTO DAS ACCIÓNS	
RM (*)	Análise das causas	Acción(s) para desenvolver	Recursos comprometidos (humanos, técnicos, económicos, etc.)	Data prevista de resolución	Responsable(s) de execución –RE- e/ou seguimento –RS-	Estado das accións desenvolvidas ou en desenvolvemento	Data prevista para completar as accións en desenvolvemento
Directriz 1: POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE							
RM1: Se recomenda al centro revisar las personas responsables de los procesos. Aunque las responsabilidades se han definido, por ejemplo, el proceso DE-02 y DE-01 indica en el apartado de “responsabilidad del proceso” que la responsabilidad de estos procesos es del Vicerrectorado de planificación cuando en el diagrama de flujo se ve que este proceso pertenece al centro y el Comité de calidad del centro aprueba la memoria (donde está la política y objetivos) según DE-02. De igual forma en DE-01 se indica que la revisión y actualización de objetivos y política es de la Comisión de calidad del centro.							
RM 1	Os responsables dos procesos están definidos en coherencia coas normativas e resolucións reitorais de competencias da Universidade de Vigo. En algún caso, estas responsabilidades están compartidas a diferentes niveis entre o equipo de goberno (institucionais) e o goberno da Eido. En todo caso, trasládase esta reflexión á vindeira revisión do SGC.	Revisar a coherencia entre estas responsabilidades e os diagramas de fluxo nos procesos de <i>Dirección Estratéxica</i> (DE-01 e DE-02). Acción para analizar e programar na seguinte revisión do SGC da Eido. A decisión de modificar o(s) procedemento(s) afectados tomarase na dita revisión.	-	4º T 2020 (revisión do SGC) 2023/24 (modificación SGC)	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	Confírmanse as seguintes responsabilidades para o DE-01 e DE-02: -Son competencias da vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade <i>As relacionadas con plans, proxectos e programas estratéxicos institucionais.</i> - Logo, son competencias da dirección da Eido as relativas á súa estratexia: <i>Liderar, impulsar, dirixir, coordinar e supervisar as actividades da Eido</i> (RRI Eido)	Acórdase non modificar, polo de agora, estes procedementos, ata que se implanten na súa totalidade. Novo seguimento no 1ºT 2023. En todo caso, aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2022 (nova estratexia da Eido).

							ACCIÓN PECHADA Setembro 2025 As novas versións dos procedementos (índice 01) incorporan responsables dos procesos máis en liña coas competencias da Eido. Actualízanse as responsabilidades da Comisión de Calidade da Eido
RM2: Se recomenda revisar las fechas de los documentos. La fecha de XD-01 y XD-02 no coincide con la fecha que figura en el listado de procedimientos en vigor del anexo II del manual de calidad. Esto ocurre con otros documentos del Sistema de Garantía de Calidad.							
RM2	A data dos procedementos indica a data da súa elaboración (ex 20.11.2018 para XD-01 e XD-02). A data do anexo II – Listaxe de procedementos indica a data de actualización do anexo (neste caso, a actual é 27.11.2018). Esta irase poñendo ao día a medida que cada procedemento se vaia modificando. Polo tanto, ambas non van coincidir de forma xeral.	Non procede					

RM3: Se recomienda revisar las entradas de información en los procesos de revisión y mejora del título/Centro. Aunque los procedimientos muestran la recogida y análisis de información para la toma de decisiones por los órganos correspondientes, no queda claro el análisis de la información en el proceso de revisión del SGC (por ejemplo, no se evidencia como entrada los resultados de satisfacción de los grupos de interés). Esto ocurre en otros procesos del SGC.

RM3	En algúns casos, aínda que estas entradas de información foron identificadas nas fichas dos procesos, non se incorporaron aos diagramas de fluxo dos procedementos. Por outra parte, convén incluír precisións no DE-02 <i>Revisión do SGC</i> sobre como se realiza a análise.	Revisar os contidos dos procedementos dos procesos de revisión e mellora do título/centro (DE-02 <i>Revisión do SGC</i> e XP-02 <i>Seguimento, mellora e acreditación dos programas</i>) Acción para analizar e programar na seguinte revisión do SGC da Eido. A decisión de modificar o(s) procedemento(s) afectados tomarase na dita revisión.	-	4º T 2020 (revisión do SGC) 2023/24 (modificación SGC)	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	Confírmase que, aínda que non están formalizadas nos procedementos, tanto a revisión do SGC como os procesos de seguimento e acreditación dos programas dispoñen puntualmente dos resultados de satisfacción de todos os colectivos dispoñibles, mesmo doutras universidades, no caso de PD interuniversitarios. Isto é, aínda que non formalizado no procedemento, a implantación desta cuestión está operativa.	Acórdase non modificar, polo de agora, estes procedementos, ata que se implanten na súa totalidade. Novo seguimento no 1ºT 2023. En todo caso, aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2021 (revisión do SGC). ACCIÓN PECHADA Abril 2025 Actualízanse as entradas de información para os procesos DE, Estratexia (revisión e mellora da Eido), e XP, Xestión dos Programas (revisión e mellora dos títulos).
-----	---	--	---	--	---	---	--

							A maiores, íranse revisando e actualizando, progresivamente, as entradas doutros procesos.
Directriz 2: DESEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORA DOS PROGRAMAS FORMATIVOS							
RM4: Revisar y aclarar el ámbito de aplicación del SGC de la Eido. En el Manual se indica que “O ámbito de aplicación do sistema de garantía de calidade abrangue todos os programas oficiais de doutoramento adscritos á Eido, sexan responsabilidade administrativa ou non da Universidade de Vigo”, y en el XP-02: “Este procedemento aplícase aos programas de doutoramento con autorización para a súa implantación (xa verificados) adscritos á Escola Internacional de Doutoramento (Eido) cuxa responsabilidade administrativa recae na Universidade de Vigo”.							
RM 4	O alcance ou ámbito de aplicación do SGC é o descrito no Manual de Calidade. Porén, existen determinados procesos nos que, en función de se a responsabilidade administrativa do programa de doutoramento (programas interuniversitarios) corresponde á Universidade de Vigo ou a outra universidade, as actividades que se executan poden ser diferentes (ex.: XP-01 <i>Deseño dos programas</i> ou XP-02 <i>Seguimento, mellora e acreditación dos programas</i>)	Revisar a redacción dos procedementos dos procesos de Xestión dos Programas (XP-01, XP-02 e XP-03 Suspensión e Extinción dos Programas) para precisar estas cuestións e garantir a coherencia co Manual de Calidade. Acción para analizar e programar na seguinte revisión do SGC da Eido. A decisión de modificar o(s) procedemento(s) afectados tomarase na dita revisión.	-	4º T 2020 (revisión do SGC) Revisión pola dirección realizada no 1º T 2021 (retraso por mor da pandemia Covid-19).	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	Revisada a redacción, confírmase que os ditos procedementos abranguen a todos os programas adscritos á Eido. Agora ben, como se precisa, as actividades descritas poden variar en función da responsabilidade administrativa que teña a UVigo, de acordo coa lexislación vixente. En todo caso, no momento de realizar unha nova versión do procedemento, terase en conta esta recomendación para mellorar a redacción.	Acción pechada (abril 2021) O Manual de Calidade actualízase para buscar unha maior coherencia.

RM5: Se recomienda revisar las responsabilidades asociadas al proceso de medición de la satisfacción (MC-02).

El objeto del procedimiento incluye la obtención de información sobre las necesidades y expectativas de los distintos GI. Sin embargo, en el desarrollo/ método operativo del procedimiento no se describe cómo o quién realiza ese análisis de las expectativas de los G.I.

Esta cuestión se deja abierta ("Esta análise pode levarse a cabo nos diferentes niveis de responsabilidade" "pode contar coa participación do personal das unidades e/ou o soporte técnico, área de calidade"). En resumen, sería recomendable definir mejor tanto el método a seguir para el análisis de las expectativas de los G.I, así como las responsabilidades asociadas al proceso.

RM 5	O diagrama de fluxo do procedemento precisa quen son os responsables de analizar as expectativas dos grupos de interese, aínda que non entra a detallar o método que se emprega para isto, posto que estas se detallan na programación da medición da satisfacción da Eido					Información complementaria: Ademais do descrito no dito procedemento, as fichas técnicas de medición da satisfacción de cada grupo de interese, aprobadas na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020, describen a actividade de medición prevista, responsables, alcance, modelo, planificación temporal e presentación de resultados. Todas as fichas técnicas de medición foron revisadas para ser harmonizadas no SUG e despois aprobadas finalmente na reunión da Comisión de Calidade da Eido do 21.05.2021	Novo seguimento no 1ºT 2022. Acción pechada (abril 2022) Adicionalmente, actualízase o procedemento para incorporar precisións sobre a análise de expectativas (novembro 2025)
------	--	--	--	--	--	---	---

RM6: Se recomienda definir la ficha técnica del proceso de medición.

RM 6	Esta cuestión está máis asociada ao proceso de implantación do SGC. A Comisión de Calidade da Eido aprobou en febreiro de 2018 o <i>Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido</i>, que agora están en execución.	Definir (elaborar e aprobar) as fichas técnicas de cada tipoloxía de medición	-	3º T 2020	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	As fichas técnicas definíronse (elaboración e aprobación) en xullo de 2020, na Comisión de Calidade da Eido, para os grupos de interese seguintes: -Estudantes (1º e 3º ano) - PDI (directores e titores de teses)	Novo seguimento no 1ºT 2022. Acción pechada (abril 2022)
------	---	---	---	-----------	---	--	--

	As fichas técnicas iranse definindo a medida que se implanten as actividades de medición previstas.					-PAS En elaboración: -Egresados - Entidades empregadoras Todas as fichas técnicas de medición foron revisadas para ser harmonizadas no SUG e despois aprobadas finalmente na reunión da Comisión de Calidade da Eido do 21.05.2021	
RM7: Se recomenda al centro definir el proceso de seguimiento anual de un título y el seguimiento anual del centro para reflexionar sobre la necesidad de elaborar informes diferentes, un único informe o informes complementarios. Aunque existe el procedimiento XP-02 y el de revisión del SGC, se recomienda al centro reflexionar sobre el proceso de identificación de acciones de mejora. ¿Cuáles son las entradas de este proceso? ¿Las acciones de mejora se reflejan siempre en la memoria? ¿La memoria incluye todas las acciones de mejora o solo algunas?							
RM 7	Segundo o deseño do SGC de doutoramento, existen dous niveis de xestión e de seguimento de melloras asociadas directamente aos PD: a Eido e cada PD. En principio, cada PD ten un seguimento anual a través do seu informe de seguimento (IS). A Eido realizará unha revisión e seguimento anual do SGC formalizado na súa memoria de calidade que con melloras de funcionamento xeral da escola. As accións de mellora específicas de cada PD estarán definidas no seu IS e as de mellora xenéricas da Eido, na súa memoria.	Revisar os contidos dos procedementos dos procesos de revisión e mellora do título/centro (DE-02 <i>Revisión do SGC</i> e XP-02 <i>Seguimento, mellora e acreditación dos programas</i>) en relación con isto. <i>Esta acción intégrase en termos de responsabilidades e prazos coa RM3.</i>		4º T 2020 (revisión do SGC) 2023/24 (modificación SGC)		Información complementaria: Ademais do descrito no Manual de Calidade, véxase esquema do ciclo de mellora en doutoramento (px. 11).	Acórdase non pechar esta acción ata que os procedementos afectados se implanten na súa totalidade. Aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2021 (revisión do SGC e elaboración do informe/memoria) Así, establécese e coordínanse os

Agora ben, podería haber accións transversais aplicables a todos os PD ou a algúns deles sobre as que convén precisar o seu nivel de xestión.					dous niveis de seguimento (titulación e centro) ACCIÓN PECHADA Abril 2025 As novas versións dos procedementos DE02 e XP02 identifican con máis precisión as entradas dos procesos para identificar melloras e a súa determinación. As accións de mellora do título aparecen no seu informe, e as do centro, na memoria de calidade, agás as estratéxicas, que se xestionan a través do cadro de mando. Todas estas accións son complementarias. Véxase gráfico ao final do documento.
--	--	--	--	--	--

Directriz 3: GARANTÍA DA APRENDIZAXE, ENSINANZA E AVALIACIÓN CENTRADAS NO ESTUDANTADO							
RM8: Se recomenda revisar las responsabilidades asociadas al proceso de medición de la satisfacción.							
RM 8	Véxase RM5					As responsabilidades foron revisadas para ser harmonizadas no SUG e despois aprobadas finalmente na reunión da Comisión de Calidade da Eido do 21.05.2021	Novo seguimento no 1ºT 2022. Acción pechada (abril 2022)
RM9: Se recomienda definir y concretar la ficha técnica del proceso de medición está por definir.							
RM 9	Véxase RM6					Todas as fichas técnicas de medición foron revisadas para ser harmonizadas no SUG e despois aprobadas finalmente na reunión da Comisión de Calidade da Eido do 21.05.2021	Novo seguimento no 1ºT 2022. Acción pechada (abril 2022)
RM10: Se recomienda al centro aclarar cómo se lleva a cabo la revisión y mejora de manera sistemática de los resultados. No queda clara cuándo se hace esta revisión y si esta revisión se incluye en la revisión del sistema de calidad. Además, de los documentos elaborados para para cubrir esta directriz parece que solo el AC-02 atención y orientación muestra que el centro ha diseñado un sistema para analizar el perfil de ingreso y las acciones de orientación, así como los resultados de atención y orientación (a partir de indicadores, quejas, información sobre satisfacción). A partir de este análisis el procedimiento indica que se identifican acciones de mejora. No hay evidencias claras de este seguimiento para la mejora en el caso de los otros procesos que cubren esta directriz. Se recomienda al centro reflexionar sobre la necesidad de tener registros para estos procedimientos.							
RM 10	A revisión dos resultados trátase, dunha parte, segundo se comenta na RM7.	Acción para analizar e programar na seguinte revisión do SGC da Eido. A decisión de modificar o(s)	-	4º T 2020 (revisión do SGC)	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	En liñas xerais, a revisión dos procesos e a mellora do centro	Acórdase non modificar, polo de agora, estes

Por outra parte, os procesos asociados a esta directriz son (véxase Manual de Calidade): AC-01 Admisión AC-02 Atención e orientación FI-01 Formación investigadores -- FI-02 Mobilidade FI-03 Defensa da tese – MC-01 QSP MC-02 Satisfacción Todos eles, agás 2, incorporan ciclos de mellora, polo que consideramos que a revisión dos resultados asociados esta directriz (resultados de acceso e admisión, mobilidade, taxas de éxito e satisfacción) está cuberta. Véxase Ciclo de mellora da calidade en doutoramento para un maior detalle explicativo. Rexistros: o deseño actual do SGC está moi harmonizado co programas de seguimento e acreditación dos PD. En consecuencia, os rexistros seguen esta lóxica, polo que os que se definiron son os esixidos nos programas mencionados (véxase a vinculación, de xeito global, no anexo 1 Táboa de rexistros, ao procedemento XD-02 <i>Control dos rexistros</i>)	procedemento(s) afectados tomarase na dita revisión.		2023/24 (modificación SGC)		realízase a través da revisión anual do SGC . Esta revisión integra a análise das temáticas e actividades fundamentais de funcionamento xeral da Eido da Eido e, tamén, a análise de todos os indicadores dos procesos do SGC (incluídos os de QSP e satisfacción). Con isto se garante a análise de todas as directrices do SGC. A maiores, algúns procesos poden incorporar dinámicas de mellora adicionais, que complementan a revisión do SGC. En relación cos rexistros, por agora non se considera necesario dispor de novos rexistros.	procedementos, ata que se implanten na súa totalidade. Novo seguimento no 1ºT 2022. Novo seguimento no 1ºT 2023. En todo caso, aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2021 (revisión do SGC). ACCIÓN PECHADA Setembro 2025 As novas versións dos procedementos (índice 01) incorporan, de xeito sistemático, unha fase de análise e mellora, co obxecto de realizar unha revisión sistemática dos seus resultados. Esta revisión pode facerse coincidir, para unha mellor eficiencia de recursos, coa
---	---	--	--	--	--	--

	En todo caso, trasládase esta reflexión á vindeira revisión do SGC.						revisión do sistema de calidade.
Directriz 4: GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DOS RECURSOS HUMANOS							
RM11: Se recomenda revisar la fecha de los procedimientos PE-02 y PE-01 porque no coincide con la indicada en el anexo II del manual de calidad y la numeración de las páginas de ambos procedimientos.							
RM 11	Véxase RM2						
RM12: Se recomienda reflexionar sobre el proceso de revisión sistemático de los resultados de los procesos relacionados con estas directrices.							
RM 12	A revisión dos resultados trátase, dunha parte, segundo se comenta na RM7. Por outra parte, os procesos asociados a esta directriz son (véxase Manual de Calidade): PE-01 Xestión do persoal de apoio PE-02 Xestión do persoal académico Os dous incorporan ciclos de mellora, polo que consideramos que a revisión dos resultados asociados esta directriz (resultados de profesorado acreditado, profesorado estranxeiro...) está cuberta....					En liñas xerais, a revisión dos procesos e a mellora do centro realízase a través da revisión anual do SGC . Esta revisión integra a análise das temáticas e actividades fundamentais de funcionamento xeral da Eido da Eido e, tamén, a análise de todos os indicadores dos procesos do SGC (incluídos os de QSP e satisfacción). Con isto se garante a análise de todas as directrices do SGC. A maiores, estes procesos poden incorporar dinámicas de mellora adicionais, que complementan a revisión do SGC.	Novo seguimento no 1ºT 2022. Novo seguimento no 1ºT 2023. En todo caso, aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2021 (revisión do SGC). O novo Catálogo de indicadores v3 identifica os indicadores por áreas temáticas e tamén por procesos, o que

	Véxase Ciclo de mellora da calidade en doutoramento para un maior detalle explicativo.						facilita esta análise. ACCIÓN PECHADA Novembro 2025
RM13: Se recomenda que los procedimientos de garantía y mejora de la calidad de los recursos humanos establezcan cómo se recogen evidencias de la suficiencia y adecuación de los Recursos humanos a las especiales necesidades de la EIDO.							
RM 13	Como se comentou na RM 10, canto os rexistros, o deseño actual do SGC está moi harmonizado co programas de seguimento e acreditación dos PD. En consecuencia, os rexistros dos procedementos PE-01 <i>Xestión do persoal de apoio</i> e PE-02 <i>Xestión do persoal académico</i> seguen esta lóxica, polo que os que se definiron son os esixidos nos programas mencionados (véxase a vinculación, de xeito global, no anexo 1 Táboa de rexistros, ao procedemento XD-02 <i>Control dos rexistros</i>). En todo caso, trasládase esta reflexión á vindeira revisión do SGC.	Acción para analizar e programar na seguinte revisión do SGC da Eido. A decisión de modificar o(s) procedemento(s) afectados tomarase na dita revisión.	-	4º T 2020 (revisión do SGC) Revisión pola dirección realizada no 1º T 2021 (retraso por mor da pandemia Covid-19).	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	A recollida de información, análise e toma de eventuais accións de mellora canto a adecuación e suficiencia dos recursos humanos realízase, sobre todo, e formalízase nos procesos VSMA (verificación/modificación, seguimento e acreditación) dos programas de doutoramento. Estas actividades inclúen a recollida de información sobre a listaxe do PDI de cada PD, categoría profesional, grupo de investigación no que se integran, proxectos de investigación competitivos, teses dirixidas e/ou titorizadas, e tamén a acreditación dos sexenios de investigación vivos ou acreditación equivalente, cando corresponda. Canto o PAS, a súa situación é máis estable, sen prexuízo da análise que se realiza nos procesos mencionados.	Novo seguimento no 1ºT 2022. Novo seguimento no 1ºT 2023. En todo caso, aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2021 (revisión do SGC). ACCIÓN PECHADA Novembro 2025

						Toda esta información considérase evidencias suficientes para describir o estado de situación dos recursos humanos. De xeito adicional, a análise desta directriz tamén se realiza na revisión do SGC.	
Directriz 5: GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS							
RM14: Se recomenda que los procedimientos relacionados con la garantía y mejora de la calidad de los recursos materiales y servicios tengan en cuenta las especiales necesidades de la EIDO, garantizando que se detectan las necesidades de recursos materiales, de infraestructura y servicios específicos para satisfacer sus necesidades.							
RM 14	O procedemento IA-01 deseñouse con estas finalidades. Tamén, ao igual que se menciona en RM10 e RM12, incorpora un ciclo de mellora específico. En todo caso, trasládase esta reflexión á vindeira revisión do SGC.	Acción para analizar e programar na seguinte revisión do SGC da Eido. A decisión de modificar o procedemento afectado tomarase na dita revisión.	-	3º T 2020 (revisión do SGC) Revisión pola dirección realizada no 1º T 2021 (retraso por mor da pandemia Covid-19).	RE: Dirección da Eido RS: Coordinador de calidade da Eido	A recollida de información, análise e toma de eventuais accións de mellora canto a adecuación e suficiencia dos recursos materiais realízase sobre todo e formalízase nos procesos de seguimento e de acreditación dos programas de doutoramento. De xeito adicional, a análise desta directriz tamén se realiza na revisión do SGC.	Aténdese a recomendación e faise efectiva de xeito operativo en 2021 (revisión do SGC). Acción pechada (abril 2022)

RM: Recomendación de mellora


Síntese do estado de actualización do plan de mellora:

Datas	Síntese do plan de Mellora (evolución)	Comentarios
Informe de avaliación – 30.07.2019	Nº de recomendacións ACSUG: 14 - Nº de accións de mellora comprometidas: 12 - Nº de recomendacións que non proceden: 2 (RM2 e RM11)	
1º Seguimento (abril 2021)	- Nº de accións pechadas: 1 - Nº de accións en curso: 10	Novo seguimento: 1ºT 2022
2º Seguimento (abril 2022)	- Nº de accións pechadas: 6 - Nº de accións en curso: 6	As accións en curso están, sobre todo, pendentes de formalizar cambios nos procedementos actuais do SGC. Acórdase non realizar estes cambios ata implantar e solicitar a súa certificación, para evitar que esta se produza en fase de modificacións. En todo caso, trátase de cambios principalmente formais, que non afectan de xeito relevante ao funcionamento e eficacia do SGC. Todas as accións ligadas á medición da satisfacción están plenamente operativas desde maio de 2021. Novo seguimento: 1ºT 2023
3º Seguimento (maio 2023)	- Nº de accións pechadas: 8 - Nº de accións en curso: 4	Todas as recomendacións teñen xa unha resposta operativa no funcionamento do SGC. Acórdase non pechar 4 delas por mor de formalizar cambios nos procedementos do SGC (previsto para 2023/24, pendente de acordo). Novo seguimento: 1º/2º T 2024



4º Seguimento (novembro 2025)	- Nº de accións pechadas: 12 - Nº de accións en curso: -	Adíase o seguimento do plan previsto ao poñer en marcha o Plan de Calidade 2024/25, que provocará cambios relevantes no SGC. Péchanse as accións ligadas aos cambios introducidos nos procesos / procedementos asociados, así como as referidas ás directrices sobre recursos humanos materiais. O Plan de acción considérase terminado.
-------------------------------	--	---

CICLO DE MELLORA DA CALIDADE EN DOUTORAMENTO



SGC DOUTORAMENTO

PROXECTO DE MELLORA E OPTIMIZACIÓN DA IMPLANTACIÓN 2021-22 → 2023/24

Prazo estendido a 2025

SÍNTESE DAS ACCIÓNS PROPOSTAS POLOS GRUPOS DE TRABALLO

Actualización: novembro 2025

Responsabilidade principal das accións:

CAPDs

EIDO

Posgrao

Outros servizos

PROCESOS:

INFORMACIÓN PÚBLICA (IP)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación
1. Plan de comunicación da EIDO: páxina Web para a información institucional e as novas, DUVI coa etiqueta da EIDO, redes sociais, secretaría virtual para a xestión e Moovi para a comunicación cos estudantes matriculados	3T 2023	 Out.25
2. Páxina Web da EIDO: en galego, castelán e inglés, cos formularios deben estar actualizados, sección de novas, indicadores, vídeos cos aspectos mais salientables, actividades formativas, información de contratos pre e post doutoriais (Euraxess), díptico de cada programa, saídas profesionais con entrevistas a egresados e publicidade	3T 2023	 Activación nova web 10.10.25
3. Páxinas dos programas: información coherente coa páxina da EIDO e un enlace a esta. A información dos PDI incluírá o seu código ORCID (e/ou outros identificadores dixitais únicos)	3T 2023	 Falta enlace á EIDO nun sitio mais visible

DIRECCIÓN ESTRATÉGICA (DE)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
4. Elaborar a estratexia da Eido en liña co plan estratéxico da Universidade de Vigo	4T 2022	 Aprobación CD 20.12.2022
5. Incorporación dos ODS na Política e Obxectivos de Calidade.	4T 2022	 (ODS 4,5,8,9,10,16 e 17) Aprobación CD 20.12.2022
6. Redacción da memoria de calidade 2021: realizar unha única memoria anual. Neste ano similar ao do ano pasado. Nos vindeiros anos, memoria da EIDO en vez de memoria de calidade da EIDO incorporando aspectos de sostibilidade / ODS (RD 822/2021). Participantes na reunión de redacción da memoria anual: ademais da Comisión de Calidade da EIDO incorporar á UAP e as vicerreitorías con competencias en sostibilidade e responsabilidade social	2T 2023 2T 2024	 Validación CC 29.06.2023 Aprobación en CD 2023
7. Difundir a estratexia da EIDO e a memoria anual na Web, Avisos, Novas, Duvi...	3T 2023	 Pendente de reunión co persoal
8. Cambiar a orde entre Dirección da EIDO e Comisión de calidade na definición da Política e Obxectivos de Calidade: a dirección da EIDO propón á Comisión de calidade, a comisión de calidade informa, a dirección da EIDO a presenta ao Comité de dirección, e este os aproba	2024 (evolución SGC)	 Validación CC 24.06.2024
9. Procurar que nas teses en depósito aparezan os ODS cos que está relacionada. Poderíase facer vídeos cortos coa axuda da Unidade de Cultura Científica. Procurar organizar unha actividade formativa transversal sobre ODS, Axenda 2030, sostibilidade, tanto para os estudantes como para directores e para a EIDO/PAS de apoio	1T 2023	 -AFT: Axenda 2030 -Intro á sostibilidade PAS nov-24 Directores: recursos/formación ODS institucionais out-25
10. Actualización do catálogo de indicadores, coa incorporando dunha introdución, a incorporación de novos indicadores (abandono, eficiencia e graduación) ao portal de acordo co SIIU, axustes nas definicións actuais e o acordo no SUG → Área de Calidade	2024 (evolución SGC)	 v3 xullo 2025
11. Modificar o responsable do proceso de Estratexia (DE-01) desde o Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade á Dirección da Eido	2024 (evolución SGC)	 Validación CC 24.06.2024

CD: Comité de Dirección da Eido

CC: Comisión de Calidade da Eido

XESTIÓN CALIDADE E MELLORA CONTINUA (MC)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
12. Potenciar a calidade (Sistema de QSP/Satisfacción): xornadas de acollida (novos estudantes) da Eido e das CAPD + actividades de sensibilización canalizadas polas CAPD (responsable de calidade) dinamizadas polos servizos centrais (EIDO, Calidade, UAP)	4T 2023	 Repetilo anualmente
13. Resultados de QSP (anuais): analizar a mellor forma de tratar e poñer a disposición das CAPD a información desagregada	3T 2023	 Xuño 2023
14. Programas interuniversitarios --> CAPD: necesidade de consolidar a información sobre as QSP recibidas nas distintas universidades (PD coordinados UVigo) ou trasladar a info á universidade coordinadora para os procesos de seguimento e acreditación	3T 2023	 Xuño 2023
15. Consolidar na Comisión de calidade a análise destes procesos: a. información das QSP proporcionada polas CAPD e pola UAP (EIDO / Posgrao) b. Información de Satisfacción proporcionada pola Área de Calidade + información das análises das CAPD sobre as enquisas de satisfacción	3T 2023	 xullo 2023
16. Potenciar a difusión das enquisas (mensaxes, novas canles...?)	4T 2023	 2024 Moovi
17. Estratexias para incrementar a participación: trasladar de xeito directo os resultados das enquisas aos colectivos implicados (estudantes, PDI..). Ferramentas de visualización e personalización de datos	3T 2023	 Out 2025
18. Trasladar os resultados das accións de mellora realizadas (Moovi?)	4T 2023	 Out 2025
19. Analizar anualmente os resultados das enquisas de satisfacción nas CAPD (información enviada pola EIDO): reunión de marzo	3T 2023	 Xuño 2023 + informes de S+A
20. Consolidar na Comisión de calidade as análises das CAPD sobre as enquisas de satisfacción	3T 2023	 Feito xullo 2023
21. Elaboración da proposta de calendario no ciclo 2023/2026 de deseño de medición de satisfacción	3T 2023	 Aprobación CC 07.2023
22. Competencias adquiridas polos egresados e contraste coas necesidades laborais: tratar co Observatorio	4T 2023	 En curso Pendente de contrastar máis datos / anos

XESTIÓN DOS PROGRAMAS (XP)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
23. Falta a formalización da designación do coordinador/a polo Reitor. Solicitarse ao Reitor que delegue esta designación na dirección da EIDO. No caso dos programas interuniversitarios o primeiro coordinador/a será nomeado no convenio e os cambios os realizará a universidade coordinadora, avisando as outras universidades, que será efectivo se non se opoñen.	3T 2023	 RR Delegación competencias 31.10.2023
24. Na convocatoria das expresión de interese, incluír a solicitude de extinción ou suspensión de programas.	2T 2023	 Validación CC 24.02.2025
25. Actualización do modelo base (e outros documentos) para redactar a memoria de verificación	4T 2023	 Validación CC 24.02.2025
26. No caso de modificación de programas, será obrigatorio a participación dunha representación do estudantado do programa na redacción da memoria. No caso de novos programas, será recomendable a participación de estudantes matriculados en programas de doutoramento afíns.	3T 2023	 Validación CC 24.02.2025
27. Nos programas interuniversitarios coordinados pola UVigo, enviarase información tanto ao coordinador como as universidades participantes en tódalas etapas (redacción de documentos, alegacións...) de todas as fases de vida dos PD (verificación, seguimento, modificación, renovación da acreditación, suspensión e extinción)	3T 2023	 2024
28. Para os programas non coordinados pola Uvigo, solicitarase aos coordinadores locais que envíen á EIDO e a Sección de doutoramento, toda a información sobre cada etapa dos procesos, a fin de que os servizos, a dirección da EIDO, a Área de calidade e a Comisión de Calidade podan enviar tanto información como comentarios, á CAPD interuniversitaria.	3T 2023	 2024
29. Procurar que o cálculo dos indicadores (seguimento e acreditación) sexa automático e proveña dos datos do SIIU. → Área de Calidade + UAP	2024 (evolución SGC)	 Temporalidade do SIIU
30. Na CAPD de marzo/abril deberán aprobar un informe sobre o grado de execución dos plans de mellora (VSMA). A Eido incorporará estes informes no seu informe anual no que informará sobre o grado de execución dos plans que dependan da EIDO.	3T 2023	 Validación CC 24.02.2025
31. Informar sobre os cambios legislativos (RD 822/2021 e RD 640/2021) a todas as persoas afectadas.	3T 2023	 2023 ComCalidade CD Acollida
32. Estar preparados para as: a. novas modalidades de titulacións conxuntas internacionais (PU Europeas, Erasmus Mundus)	2024 (evolución SGC)	 2023 ComCalidade

b. novas regras para este tipo de Titulacións (e: axencias EQAR) c. novo Procedemento Europeo de Calidade		CD
33. Actualizar o Procedementos do SGC afectados: 2023 (tras certificación), incluíndo novos prazos, cambios nas áreas do Servizo de Posgrao, incorporación da EIDO para iniciar procedementos de extinción e competencias específicas da Comisión de Calidade en todos os procesos.	2024 (evolución SGC)	 Validación CC 24.02.2025

APRENDIZAXE E AVALIACIÓN DOS DOUTORANDOS (FI-01)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
34. Compromiso de supervisión: a. En canto sexa posible (cambio a SIGMA) habilitar a firma tanto do titor como dos directores (non só do perfil autorizado-Xescampus) b. Establecemento de cláusulas especiais no compromiso de supervisión c. En caso de conflito entre os doutorandos é os directores, a CAPD non pode deixar en ningún momento ao estudante sen director	2024	 Pendente paso a SIGMA CDS – xullo 2025 Conflitos: RD xuño 2024
35. Asignación de directores: cambiar de orde o TC-32, incluíndo unha explicación xa que só teñen que incluír méritos os que non están rexistrados, e que non é necesario cubrir todos os méritos. Actividades formativas: d. Que a avaliación das actividades non sexa considerada positiva de xeito rutinario. e. Obrigación de ofertar prazas noutros programas. Pode facerse só nos do ámbito f. Advertir ao alumnado de que as actividades propias realizadas xa se suben automaticamente ao documento de actividades, previa conformidade do propio alumno g. As non aptas deben estar xustificadas nun acta da CAPD para que os estudantes poidan reclamar h. Incrementar os cursos transversais, buscando “enganchar” ao alumnado que desenvolve a súa tese fóra da Uvigo.	3T 2023	 Xullo-2025 4ºT 2024 RED –xuño 2024 2023  2024
36. Documento de actividades: i. Arranxar o fallo en Xescampus coa data de aprobación do perfil autorizado j. Ver que actividades non precisan un xustificante co obxecto de facilitar o traballo as Áreas Académicas	3T 2023	 Xescampus: non posible
37. Recoñecemento de actividades: só de actividades realizadas durante a matrícula nun PD	3T 2023	 Outubro 2023
38. Avaliación anual:	3T 2023	

k. A avaliación ten que estar motivada. Non se pode avaliar positivamente a un estudante e despois dicir que non fixo nada. l. Antes da avaliación anual, hai que aprobar as actividades dese ano m. Antes do depósito da tese, hai que facer unha última avaliación anual, e antes de iso, hai que validar as actividades pendentes e cambiar o idioma ou de título da tese (título do plan de investigación) n. Formación para directores/titores para garantir unha avaliación real		2024
39. Elaboración da tese: o. A comprobación da documentación da tese e proposta de tribunal faise na Área de Apoio á Eido p. Elaboración dun manual da fase final de presentación da tese	3T 2023	 2023 1ºT 2025
40. Prórrogas: mellorar a xestión das prórrogas por parte dos estudantes	4T 2023	 2024

XESTIÓN DA MOBILIDADE (FI-02)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
41. A ORI estudiará a posibilidades de que a convocatoria de Erasmus sexa flexible en prazos de solicitude.	3T 2023	 2024
42. A ORI e a EIDO estudiarán a posibilidade de que as axudas de viaxe e de Erasmus sexan compatibles	3T 2023	
43. Os estudantes de doutoramento tamén poden ir de estadia a empresas usando a convocatoria de prácticas de Erasmus	4T 2023	
44. Tanto en programas de mobilidade como en estadias é importante a autorización previa da CAPD e que os estudantes comuniquen á Área académica que están fora	3T 2023	
45. Farase un formulario sinxelo para poder avisar que se van fora da Universidade	3T 2023	
46. É importante que os estudantes saíntes conten cun seguro de viaxe	4T 2023	
47. En programas de mobilidade saíntes debe cambiarse a responsabilidade da CAPD pola EIDO, xa que debe ser esta ou unha comisión en quen delegue a que realice a selección	4t 2023	 En deseño (marzo 2025)
48. Nas estadias entrantes cambios bastante o procedemento xa que se aprobou o Regulamento de persoal investigador visitante, que cambiou como se pide o permiso, que ten que pagar taxas, que se matricula nun programa ou no xenérico Visitantes e que é obrigatorio ter seguro	3T 2023	 En deseño (marzo 2025)
49. Para poder certificar a cotutela, é necesario que os estudantes entrantes usen o procedemento descrito no Regulamento de persoal investigador visitante aínda que eles non pagan as taxas	3T 2023	
50. A ORI enviarán á EIDO os datos das enquisas de satisfacción dos estudantes de doutoramento saíntes	4T 2023	
51. As CAPD farán na reunión de marzo-abril unha análise da mobilidade do curso anterior	3T 2023	Feito xuño 2023

AUTORIZACIÓN E DEFENSA DA TESE (FI-03)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
52. Incluir na Web un resume do procedemento paso a paso	3T 2023	 Xaneiro 2024
53. Cambiar de orde o TC-32, incluíndo unha explicación. Para aqueles membros dos tribunais que xa están rexistrados só é necesario que firmen que aceptar estar no tribunal.	3T 2023	 Xullo-2025
54. No apartado da Web das teses en depósito, poñer un botón para solicitar revisar a tese enviando un correo electrónico.	4T 2023	 Xaneiro 2024
55. Falar cos administradores dos centros para que asuman estes o gasto das augas para o tribunal.	3T 2023	
56. Para reserva de espazos, cambiar onde pon Administrador a Administrador/EIDO.	3T 2023	
57. En canto sexa posible pasar tanto a firma da acta como o voto cum laude a un procedemento electrónico seguro, incluso en teses presenciais. Para poder pasar a un sistema electrónico, este debe funcionar tamén cos estranxeiros.	3T 2023	
58. Defensa das teses on-line: a. Cambiar o papel da administradora pola dirección da EIDO b. Modificar o texto da excepcionalidade da participación virtual dun membro do tribunal c. Definir o procedemento de voto cum laude e de sinatura das actas	4T 2023	 Xuño 2024

XESTIÓN ACADÉMICA-ADMISIÓN (AC-01)

Acción e Responsable (véxase código de cores)	Prazo	Situación (data de resolución)
59. As CAPD elaborarán, con data límite en marzo, un informe da análise de perfil de acceso, incluíndo a análise dos complementos de formación e as necesidades de promoción. Previamente dende a Eido se enviará un guión cos puntos básicos que debe conter dito informe, que se baseará en tendencias máis que en datos estáticos dun único curso.	3T 2023	 xuño 2023
60. É necesario insistir ás CAPD na obriga de asignar titor para a publicación do listado definitivo de admitidos. Os criterios de admisión non deberán ter ambigüidades.	3T 2023	
61. A información sobre criterios de admisión específicos de cada programa debería aparecer na web. Se non fose posible, procuraríamos que a información do Anexo XI, no que aparecen os requisitos de admisión estea máis visible.	4T 2023	
